

riotorto

O Concello soluciona os trámites para retomar as obras da residencia de maiores. **Páx. 14**

begonte

O Cercud inaugura o Muíño do Pan para poñer en valor o patrimonio local. **Páx. 19**

muras

O Concello prepara a décima edición da Feira do Mel da Montaña para o 16. **Páx. 23**

abadín

Desenvolverá un programa piloto para a mecanización na recollida de grelos. **Páx. 25**

deputación

Tomé presentou no Parlamento o contido das contas para o próximo ano. **Páx. 27**

Comeza a negociación do futuro de Caldaloba



Aprobada a construción do CAM das Pontes

O Pleno da Deputación coruñesa deu luz verde ao convenio co Concello. **Páx. 6**

Novo ciclo de entrevistas: A voz dos alcaldes

O rexedor de Muras inaugura un ciclo de entrevistas previas á cita electoral de 2027. **Páx. 22**

Volven as axudas do GDR ao emprendemento

A directiva aprobou a concesión de 600.000 euros e anuncia unha convocatoria maior no 2027. **Páx. 28**

Banda de Vilalba



Unha formación con máis de trinta anos e gran vinculación coa vila. **Páx. 4**

Adrián Rodríguez



Asumiu a presidencia do Tecor Terra Chá, o máis grande de Galicia. **Páx. 29**

Club de Tenis As Pontes



Un club imparabile que segue facendo futuro na comarca. **Páx.31**



A vida soa xenial, non a perdas!

Ven a coñecer a última tecnoloxía en audífonos dixitais



Revisión auditiva completa gratuita. Pide a túa cita sen compromiso.

NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9. Vilalba.
Avda. de Galicia, 91. As Pontes.
Nº R.S. 1-27-000031 / 10-27-000033 - Nº R.S. 6-15-000024 / 15-15-000170



Fran Fernández Davila, gañador do IX Premio Agustín Fernández Paz

O escritor ferrolán Fran Fernández Davila resultou gañador do IX Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade, un galardón que recoñece obras que promoven valores de equidade e xustiza social entre o público máis novo. O ditame do xurado fíxose público o sábado 25 de outubro de 2025, durante a gala de entrega do VIII Premio, que na edición anterior recibira a autora Eva Mejuto.

A obra coa que Fernández Davila se impuxo leva por título *O muro*, presentada baixo o lema homónimo. O relato aborda con sensibilidade cuestións como os segredos familiares, a incomunicación entre pai e filla e a dificultade de expresar as emocións e loitar polos propios soños. A protagonista, Lucía, deixa de xogar ao fútbol cando ten nove anos, logo de que o seu pai lle rompa o balón cunhas tesoiras. Desde ese momento, adestrar convértese para ela nun acto clandestino que lle ofrece os únicos momentos de felicidade da semana. A historia transcende o deporte para afondar nas relacións humanas e na busca da liberdade persoal.

Fran Fernández Davila, nado en Canido en 1974, é enxeñeiro e

escritor. Licenciado en Enxeñaría de Minas e Enerxía e cun MBA en Responsabilidade Social Corporativa pola Universidade de Vigo, leva máis de dúas décadas vencellado profesionalmente ao ámbito do frío industrial. A súa traxectoria literaria comezou no ano 2016, participando en diversos obradoiros con autores e autoras de prestixio como Clara do Roxo, Antón Riveiro Coello, Suso de Toro, José Montea-gudo, Antonio García Teijeiro, Silvia Penas, Estíbaliz Espinosa, Baldo Ramos ou Míriam Ferradáns.

ENTREGA. A elección do novo gañador fíxose pública durante o acto de entrega do premio á escritora Eva Mejuto, foi distinguida co oitavo premio pola súa obra *Queco e Kika*. A gala de entrega celebrouse no municipio chairego e contou coa participación de diversas entidades culturais e educativas locais. A gala contou coa participación da Asociación Cultural Andrade, o alumnado da Biblioteca Agustín Fernández Paz do Instituto Basanta Silva, o minicoro da Escola Municipal de Vilalba e o alumnado da Escola Municipal de Teatro, que puxeron o acento artístico nun acto de celebración da literatura en galego.

Remata a instalación solar na cuberta da Casa do Concello

O Concello de Vilalba vén de finalizar a instalación de paneis solares fotovoltaicos na cuberta da Casa Consistorial, unha actuación que forma parte das obras de rehabilitación integral do edificio co obxectivo de mellorar a súa eficiencia enerxética e accesibilidade.

En total colocáronse media centena de paneis fotovoltaicos, cunha potencia instalada de 23.100 kWp, suficientes para cubrir a totalidade da demanda enerxética do edificio municipal, segundo os datos de consumo dos últimos anos.

A instalación complétase con catro unidades de baterías de 5 kWh, que permiten acumular a enerxía suficiente para paliar as caídas de produción nocturnas e garantir o autoabastecemento nas primeiras horas de actividade diaria do



consistorio. Estas melloras forman parte dun conxunto de actuacións incluídas no Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP local), financiadas con fondos europeos, cun investimento total de 1.106.185,96 euros.

Ademais das placas solares, o

proxecto inclúe a renovación integral da envolvente do edificio, incorporando illamento e novos acabados nas fachadas e cuberta, así como a substitución de todas as luminarias por outras de tecnoloxía LED, o que suporá unha redución significativa do consumo eléctrico.

O Concello saca a poxa 6 parcelas municipais do Polígono Industrial

O responsable de Desenvolvemento Industrial e vicealcalde de Vilalba, Modesto Renda, anunciou a saída á venda das seis parcelas de titularidade municipal situadas no Polígono Industrial da localidade. O proceso, que se realizará mediante subasta pública, ten como obxectivo facilitar a instalación de novas empresas e impulsar a actividade económica no municipio.

Acompañado polo presidente da Asociación de Empresarios de Vilalba, Renda explicou os detalles do novo procedemento impulsado polo Concello. “Queremos dar todas as facilidades posibles ás empresas para que se instalen en Vilalba; por iso animamos ás persoas emprende-

doras e aos autónomos interesados a presentar as súas ofertas e poñer a producir dunha vez estes 7.000 metros cadrados de chan industrial”, declarou o tenente de alcalde.

As seis parcelas suman en conxunto 7.028 metros cadrados de superficie edificable, e o prezo mínimo de saída fíxose en 48,80 euros por metro cadrado máis IVE, segundo a taxación recollida no expediente municipal e conforme o artigo 77 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. As ofertas deberán presentarse no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, é dicir, ata o 1 de decembro de 2025.

Renda detallou que a parcela de maior tamaño conta con 1.052 metros cadrados, mentres que as dúas máis pequenas dispoñen de 860,80 metros cadrados. O Concello non adxudicará ningunha parcela por un importe inferior ao prezo de saída, ao ter este carácter de mínimo.

En canto ás condicións da venda, o adquirente estará obrigado a edificar e a implantar a actividade prevista na memoria presentada, contando con todos os permisos e licenzas no prazo máximo de tres anos. Ademais, deberá manter en funcionamento a actividade durante un período mínimo establecido nas bases, como medida de garantía fronte á especulación.

Cuando necesitas energía
limpia y accesible, **él está aquí**

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es



Remata a obra do local do futuro Punto de Atención á Infancia

O Concello de Vilalba vén de dar por finalizadas as obras do novo Punto de Atención á Infancia (PAI), un servizo clave para favorecer a conciliación das familias e ofrecer atención educativa de calidade aos máis pequenos e pequenas do municipio.

A alcaldesa, Marta Rouco, visitou as instalacións para comprobar o resultado final dos traballos e coñecer de primeira man o estado das novas dependencias.

Unha vez finalizadas as obras, o Concello xa tramitou ante a Xunta de Galicia a solicitude de apertura do centro educativo, paso necesario para a súa posta en funcionamento. O novo PAI contará con 20 prazas destinadas a nenos e nenas de 0 a 3 anos.

A vindeira semana, o Concello prevé abrir o prazo de inscrición, para que as familias interesadas poidan solicitar praza neste novo servizo municipal, que se converterá nun



recurso fundamental para a conciliación laboral e familiar das vilalbesas e vilalbeses.

A alcaldesa, Marta Rouco, destacou que “este novo Punto de Atención á Infancia é unha mostra da aposta do goberno local pola conciliación e polos servizos públicos de calidade, fundamentais para que as familias poidan desenvolver o seu proxecto

de vida en Vilalba”.

Desde o equipo de goberno subliñan tamén que este proxecto forma parte do compromiso da Alcaldía por gobernar para todos e todas, impulsando iniciativas que melloran o día a día dos veciños e veciñas e contribúen a facer de Vilalba unha vila moderna, con máis oportunidades e mellores servizos.

Os orzamentos da Xunta de 2026 desatan un novo enfrontamento

A presentación dos Orzamentos da Xunta para 2026 reavivou a polémica política en Vilalba, onde o PSdeG local, o goberno municipal e o Partido Popular ofrecen lecturas totalmente opostas sobre o trato que o municipio recibe por parte do Executivo galego.

A Agrupación Socialista de Vilalba anunciou a presentación de emendas que, segundo aseguran, confirman “o abandono sistemático do noso concello por parte do goberno galego desde 2019”.

A secretaria de Política Municipal, Paula Vigo, lamentou que “Vilalba tamén existe, e de feito somos o cuarto concello da provincia por número de habitantes”, denunciando que “nin a pedrea nos toca, nunha situación inasumible tendo en conta os proxectos pendentes da Xunta no municipio”.

Os socialistas acusan ao Goberno de Rueda de tratar a Vilalba “como unha veciñanza de segunda” e piden ao PP local que se sume ás súas reivindicacións e “aclare que novos proxectos impulsou a Xunta aquí nos últimos seis anos”.

CASTIGO. Na mesma liña, a alcaldesa Marta Rouco cualificou as contas como “un novo castigo para os nosos veciños e veciñas”, xa que por sexto ano consecutivo “non inclúen investimentos directos ou proxectos para o concello”.

“Seis anos e nin un can; Lugo será a provincia que máis reciba por habitante, pero Vilalba debe estar noutra provincia”, ironizou a rexedora. Lembrou ademais que “a estación de autobuses, propiedade da Xunta, está en estado de abandono,

e o centro de saúde presenta numerosas deficiencias”. Tamén denunciou o bloqueo da ampliación das infraestruturas de captación e abastecemento de auga e a falta de mantemento da estrada Lugo-Vilalba, “malia as reiteradas reunións co Goberno galego”.

A rexedora lembrou tamén que “a Xunta recadou máis dun millón de euros en canon da auga en cinco anos sen reinvestir nada no municipio” e asegurou que seguirá reclamando “un trato digno para Vilalba, un concello cabeceira da Terra Chá borrado do mapa desde 2019”.

O PP. O Partido Popular acusou á alcaldesa de “facer demagogia e non contar a verdade aos vilalbeses”, lembrando que o Goberno galego investiu máis de 4 millóns de euros no concello en 2024.

Segundo os populares, a Xunta destinou máis de 2 millóns ao SAF, 1 millón do Fondo de Cooperación Local, 500.000 euros ás escolas infantís, 190.000 para o paseo da Madalena, 123.000 para o PAI, 110.000 para mellora de camiños, 100.000 en apoio á contratación de persoal e 60.000 para o pavillón do Mato Vizoso.

Ademais, lembran que os orzamentos inclúen 750.000 euros para eficiencia enerxética no xulgado e 4,75 millóns para o programa Rexurbe, que tamén beneficiará o municipio. Finalmente, censuran o estado das infraestruturas municipais e o auditorio, e critican que o goberno local “prefire gastar en renovar o mobiliario da Alcaldía ou en fotos, en lugar de investir na conservación de espazos públicos”.

Tomé presidiu a reunión comarcal socialista da Terra Chá en Vilalba

O PSdeG-PSOE na provincia de Lugo celebrou en Vilalba a reunión comarcal, no marco do calendario de encontros iniciado na Mariña, co obxectivo de reforzar a coordinación territorial e escoitar ás agrupacións. O encontro estivo presidido polo Secretario Xeral na provincia, José Tomé Roca, e pola Vicesecretaría Xeral e Secretaria de Organización, Pilar García Porto, e contou coa participación da coordinadora comarcal, Sonia Verdes, acompañada por voceiros, alcaldes e secretarios e xerais das agrupacións dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei,



Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade.

Durante a sesión analizáronse as principais preocupacións da veciñanza chairega, como a situación sa-

nitaria, o emprego, o despoboamento ou as dificultades de acceso a servizos públicos básicos. Os representantes socialistas coincidiron en sinalar a falta de compromiso da Xunta coa comarca, tanto no eido da atención sanitaria, coa carencia de profesionais e recursos nos centros de saúde, como no da promoción económica, pola ausencia de medidas que garantan emprego estable e oportunidades para a mocidade.

Tomé Roca destacou que esta reunión “forma parte dun proceso de reforzo do contacto directo co territorio e dar voz ás agrupacións locais”.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni
CEPSA BCS
PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS

Milwaukee
Nothing but HEAVY DUTY.

RYS SESACAR

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

“Estamos a traballar para facer outro tipo de actividades para familias e socios”

Baruk Domínguez é o actual presidente da Asociación da Banda de Música de Vilalba

Despois da desaparición das últimas bandas existentes en Vilalba aló polos anos da Guerra Civil, non foi ata o ano 1987 cando o Concello de Vilalba, sendo alcalde naqueles tempos José María García Leira, decidiu crear unha escola de música, da que máis tarde xurdiría a nova Banda de Música de Vilalba. Tras varios anos de clases esta fixo a súa primeira actuación; e un ano despois, en 1991, tivo lugar no Centro Cultural e Recreativo a súa presentación como asociación cultural sen ánimo de lucro.

Nestes 35 anos de existencia, foron catro os directores que estiveron a cargo da banda. O primeiro deles foi Pepe Guntín Currás, persoa moi vencellada ás actividades musicais da Terra Chá. Trala súa marcha, no 1993 fíxose cargo Xosé Rodríguez Ramos, por aquel entón trompetista na Banda da Coruña e mestre de Trompeta no Conservatorio de Vilalba.

Dous anos máis tarde, en 1995, tomaría o relevo César Concheiro Guerrico, mestre de Frauta no Conservatorio Superior de Música da Coruña, quen se mantivo como director da agrupación ata o 2021, cando se fixo cargo da batuta Dani Veiga Roca, actual profesor de Clarinete no Conservatorio de Vilalba e na ESMUVI.

Ao longo destes anos, a actividade da asociación pasou por actuacións en toda a xeografía galega e peninsular. O fito máis destacado é ser unha parte importante da sociedade vilalbesa, e sobre todo nos últimos anos volver poñer o foco nos máis novos, a través de proxectos como a Minibanda. O presidente da Asociación Cultural Banda de Vilalba, Baruk Domínguez, cóntanos dos seus proxectos.

Canta xente forma parte dela hoxe en día e cando e onde se formou?

Agora mesmo, cando nos xuntamos todos en datas sinaladas como o San Ramón, o FIV, Santa Icí, ou Nadal, chegamos a ser ata uns sesenta músicos, pero participando activamente nos ensaios, semana a semana, andamos polos corenta compoñentes. A iso hai que sumar unha vintena de



rapaces que forman agora mesmo parte da Minibanda. A maioría dos membros formáronse ou están a formarse no conservatorio e na escola de música da localidade, pero tamén hai xente que estuda noutros centros doutros municipios e persoas que realizaron ou están a realizar os estudos superiores de música en cidades. Así que podemos dicir que contamos con diferentes niveis de formación, o cal é unha riqueza e unha aprendizaxe constante para todos.

Como é o día a día dos seus membros?

Hai rapaces moi novos que están a estudar no conservatorio ou na escola, e son os que máis participan nos ensaios semanais, que polo xeral son os martes e os sábados, aínda que hai ocasións nas que tamén ensaiamos os venres. Hai tamén estudantes algo máis maiores, que están a completar os seus estudos noutras cidades, e que veñen un sábado de cada certo tempo en función da súa axenda. Outro perfil é o dos adultos que residen ou traballan en Vilalba, Lugo, As Pontes, Ferrol, A Coruña, Cee, Oviedo ou outras localidades pero que non perden o contacto coa banda. Por último, cabe destacar o perfil dalgunhas persoas que están a traballar moito máis lonxe, en cidades como Madrid por exemplo, e que aínda non podendo asistir asiduamente aos ensaios, aproveitan as súas vacacións ou días libres para vir tocar coa banda.

Cantos concertos fan ao ano?

Concertos fixos temos o FIV na pri-

mavera, o San Ramón no verán -incluíndo tamén o Certame Literario e o Festival de Bandas Pepe Guntín-, o Concerto de Santa Icí no outono e o Concerto de Nadal no inverno. Ademais, acompañamos musicalmente as procesións de Venres Santo e de Corpus Christi, que son tradición en Vilalba; e tamén participamos noutros actos da vila, algúns organizados polo propio Concello, pero tamén por entidades como o Conservatorio de Vilalba, o Instituto de Estudos Chairegos (lescha) ou a Liga Santaballasa. Cabe destacar que, ademais da Minibanda, hai un par de anos puxemos en marcha outro proxecto paralelo, o BMV Ensemble, co que xa participamos en actos culturais como a entrega do Premio Agustín Fernández Paz. Tamén tocamos en parroquias da contorna e facemos actuacións noutros concellos.

Como se escolle a música?

A música escóllea o director, neste caso Dani Veiga, pero en ocasións como o FIV ou o San Ramón tamén hai achegas doutros membros, especialmente os máis novos, que adoitan pedir algún “temazo” de moda. En calquera caso, nestes últimos anos hai algo así como unha premisa básica para cada unha das actuacións centrais: o FIV ten que mesturar música pop rock de diferentes épocas e tamén facer algunha referencia a algún dos grupos que tocan no festival; no San Ramón os concertos teñen que ser para todos os públicos, polo que hai dende pasodobres e zarzue-

las ata cancións de moda, pasando, por suposto, por algunha que outra obra da nosa terra; en Santa Icí, para honrar á patroa da música, optamos xeralmente por un repertorio máis ambicioso, de concerto, ben sexa con música para banda contemporánea ou algunha adaptación dalgun gran compositor sinfónico; e no Nadal, adoitamos escoller algunha temática concreta, ben sexan bandas sonoras, pezas tipo big-band ou clásicos vieneses de aninovo, o facer unha mestura de diferentes estilos, contando tamén coa participación de colectivos como a Escola de Teatro ou as asociacións de música tradicional. Noutras actuacións máis estándar, o repertorio adoita ser unha amalgama de pezas.

Fan outro tipo de actividades?

Temos algúns días de celebración e convivencia, nos que non faltan a comida e a festa, e tamén algúns “actos internos” que xa son tradición, como o Día do Sombreiro, no que hai premio para os mellores ou máis chamativos; ou o Partido Celta-Dépor, que este ano fixemos por vez primeira nos campos de adestramento da Madalena. Hai uns anos, tamén puxemos en marcha dous proxectos. Un deles é “O Podcast da Banda”, un formato radiofónico de extensión e periodicidade variable, e o MiniBandCamp, do que xa levamos feitas tres edicións. De cara ao futuro próximo, estamos a traballar tamén para facer outro tipo de actividades, non soamente para os membros, senón tamén para as súas familias e para os socios.

Subvenciona o Concello de Vilalba a formación e o seu mantemento?

Tecnicamente, a fórmula de colaboración que nós temos co Concello de Vilalba é a dun convenio que se renova anualmente. Esta contraprestación serve para soste o funcionamento diario dunha asociación sen ánimo de lucro que, máis aló disto, soamente conta como ingresos fixos coa achega dos socios e cunha axuda da Deputación para comprar material ou para programar algunha actividade. Despois, tamén estamos a disposición doutros concellos ou entidades, sempre e cando a axenda e a dispoñibilidade de músicos nolo permita.

Cales son os plans de futuro?

Xa é unha realidade o proxecto da Minibanda de Vilalba, un proxecto que xa está na súa segunda fase, por dicilo dalgunha maneira. Xurdiu por iniciativa do actual director hai tres anos, con nenos e nenas que comezaban a dar os seus primeiros pasos cos seus respectivos instrumentos, e hoxe moitos deles xa son membros activos da banda “dos maiores” e outros novos músicos están a tomar o relevo. Entre os plans de futuro entran, por suposto, manter e consolidar esta canteira, e incluso diversificar para chegar a contar con nenos que se animen a probar instrumentos menos populares e que a banda precisa, especialmente no relativo á sección de vento metal. Ese traballo de base é o que pode permitir que a banda medre, no mellor sentido da palabra. Pero tamén temos outras “ambicións”, como participar máis na vida social da vila, por exemplo coa programación dalgun concerto de música máis lixeira e bailable nalgunha ocasión que así o requira. Tamén temos como obxectivo facer “rede” con outras agrupacións e concellos da zona, para pensar actividades en conxunto.

A banda ten un lazo forte co pobo. Como se formou?

Somos unha asociación sen ánimo de lucro, cunha vontade altruísta e unha misión humanista. Iso non é algo desinteresado, e explícome. As persoas que estamos á fronte da banda non temos un interese pecuniario, faltaría máis, pero si un interese fondo en que a nosa actividade teña unha repercusión social, cultural e educativa para quen participa dela dun ou doutro xeito. Iso si que é transcendental para o futuro dun pobo.

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS

A Deputación rematou as obras de mellora na LU-P-2104 que une Portadornas con Lameiro, en Friol

Os traballos contaron cun investimento da institución provincial de case 63.000€.

A Deputación de Lugo rematou os traballos para a rehabilitación do firme dun tramo da LU-P-2104, que vai desde Portadornas ata Lameiro, por Xiá, no concello de Friol. Esta actuación afecta a un treito de case 3 quilómetros, concretamente no tramo que vai desde o inicio da estrada ata o punto quilométrico 2,6. Ademais, neste proxecto tamén se incluíu o acondicionamento do ramal.

Trátase dun importante proxecto para os veciños e veciñas da zona, pois é a estrada que vertebra a parroquia da Xiá. As obras, que realizou a empresa Cholo SL, consistiron na apertura de cunetas, na reparación dos danos e na repavimentación do firme. Con estes traballos reducirase o risco de accidentes e mellorarase a seguridade viaria, a comodidade e os desprazamentos da veciñanza.

CONSTRUCCIONES CHOLO

ISO 9001
ISO 14001
CERTIFICACIÓN CERTIFICADA
CENTRO DE CALIDAD SL - 33518
CERTIFICACIÓN Nº. 133718
CERTIFICACIÓN Nº. 133718

CHOLO, S.L. Os Freires - Mourence 1. 27800 VILALBA (LUGO)
Telf: 982 510 611 / Móvil: 639 305 633
cholosl@cholosl.com / www.cholosl.com

Vilalba conta cun novo vehículo eléctrico para traballos municipais

O Concello de Vilalba vén de recibir un novo vehículo eléctrico multi-función, que se porá ao servizo das brigadas municipais co obxectivo de mellorar a eficiencia e a calidade dos traballos diarios que se realizan no municipio. Trátase dun vehículo 100 % eléctrico, con emisións cero de CO₂ e sen contaminación sonora, que contribúe á redución do impacto ambiental e á modernización dos medios municipais.

O novo vehículo destaca polas súas múltiples funcionalidades, xa que conta con depósito de auga, ramplas de carga, sistema de baleirado tridireccional da caixa e convertidor de enerxía para o uso de ferramentas eléctricas, entre outras características que permitirán ampliar o seu uso a diferentes tarefas de mantemento e servizo público.

O investimento total ascende a 64.275,20 euros, financiado con



cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

A alcaldesa, Marta Rouco, subliñou que esta incorporación “é un paso máis na modernización dos medios municipais e na aposta por un modelo de servizo público máis eficiente, sostible e próximo á veciñanza”. Así mesmo, destacou que “o obxectivo do goberno local é seguir dotando aos servizos municipais de ferra-

mentas que melloren o seu traballo diario e repercutan nunha atención de maior calidade aos veciños e veciñas”.

Esta actuación enmárcase na estratexia do Concello para avanzar cara a unha Vilalba máis moderna, sostible e comprometida co medio ambiente, mellorando ao mesmo tempo a capacidade operativa dos servizos públicos.

Lanzós prepara as súas festas na honra a San Martiño para os días 8 e 9

A parroquia de Lanzós, en Vilalba, organiza as súas festas na honra a San Mariño. A celebración terá lugar o 8 e 9 de novembro.

O programa, no que colabora o Concello de Vilalba, comeza o sábado ás 13.30 horas con misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Folixa. Pola noite, a verbena estará a cargo das orquestras Folixa e Límite.

O domingo a festa comezará ás 13.30 horas con misa solemne, procesión vermú a cargo do dúo Élite. O campo estará cuberto con carpa.

O Partido Popular insiste na urxencia de atender o estado das pistas das parroquias

O PP de Vilalba lembra ao goberno bipartito de PSOE e Vilalba Aberta a necesidade de intervir de forma urxente nas pistas das parroquias do rural para “garantir unha circulación segura”. Os concelleiros do Partido Popular xa levaron anteriormente ao Pleno queixas dos veciños e veciñas de moitas parroquias que sofren a diario o estado “deplorable” das pistas municipais.

Os populares xa teñen advertido desta situación que causa prexuí-

zos na mobilidade diaria dos vilalbeses e vilalbesas debido ao mal estado do firme por falta de mantemento, sucesións de fochancas de gran tamaño, ausencia de asfalto nalguna vía con zonas desfeitas. “Esa é a realidade que viven moitos veciños e veciñas cando saen das súas casas”, subliñan.

Un dos exemplos que poñen os populares son las vías en Lanzós, “que necesitan atención para poñelas en boas condicións”, e reclaman unha actuación.

EN BREVE



CATA DA MEL. José Manuel López Santalla (mel claro) e María del Mar Trastoy Ares (mel escuro) resultaron gañadores da última edición da Cata de Melles Locais organizada pola asociación apícola Serra da Carba. Abel Duarte Ramil e José Trastoy Maseda ocuparon os segundos postos, respectivamente.



TASCA DO LIÑO. A parroquia de San Bartolomeu de Insua acolleu a décimo sétima edición da Tasca do Liño, a tradicional cita organizada pola Asociación de Mulleres Rurais, que cada ano rende homenaxe a un oficio histórico e símbolo da identidade rural galega, unha xornada de celebración arredor do proceso de limpeza e fiado do liño.



CENTENARIA. Vilalba celebrou unha xornada moi especial con motivo do 101 aniversario de Josefa Rivas, veciña do municipio, que recibiu a visita da alcaldesa, Marta Rouco, e do concelleiro Ignacio Criado, que lle fixeron entrega dun ramo de flores en nome de toda a veciñanza vilalbesa.



EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es
 Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
 (Pza. de Augas Ferreas, esq. Rúa Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!
 Lunes, miércoles y jueves:
 12:00 a 20:00 h
 Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h



Entregados os premios do primeiro concurso 'Terra de Cogomelos'

O Concello das Pontes vén de facer público o fallo do xurado da primeira edición do Concurso Fotográfico As Pontes, Terra de Cogomelos, unha das principais novidades das V Xornadas micolóxicas municipais, que se están a desenvolver ao longo dos meses de setembro, outubro e novembro.

O certame contou cunha ampla participación de 50 persoas afeccionadas á fotografía de natureza, que presentaron preto de 200 imaxes de fungos e cogomelos tomadas en diferentes emprazamentos de toda Galicia, o que indica a enorme riqueza micolóxica e paisaxística do territorio galego.

O xurado considerou que as imaxes amosan unha extraordinaria variedade de especies, entre elas algunhas das máis recoñecibles e outras moito menos comúns, como Amanita muscaria, Boletus edulis, Mycena seynii, Russula caerulea, Lacaria pumila, Phallus impudicus, Leratiomyces ceres, Trametes versicolor, Clathrus archeri, Sparassis crispa, Auricularia auricula-judae ou Xylaria hypoxylon. Unha diversidade que reflicte tanto o interese científico como o artístico das persoas participantes, que captaron as cores, texturas e formas dos cogomelos galegos en todo o seu esplendor.

O xurado, composto polo divulgador micolóxico Luis Cuba e os fotógrafos Raimundo Carballo e Daniel Puente, reuniuse o venres 17 de outubro para avaliar as obras presentadas e seleccionar as gañadoras desta primeira edición.

O primeiro premio recaeu en Ángel Montes, cunha fotografía dunha Mycena tomada en San Cibrán, no municipio de Catoira. O segundo premio foi para Carlos Briones, pola súa imaxe dunha Amanita rubescens captada en Gabenlle, no concello da Laracha, e o terceiro premio correspondeu a Tomás Rodríguez, autor dunha fotografía dunha Corticata realizada en Vilagarcía de Arousa.

A concelleira de Promoción Económica e Turismo, Elena López, destacou a calidade e a creatividade das obras presentadas: "A fotografía de natureza é unha ferramenta extraordinaria para divulgar o noso patrimonio natural e poñer en valor a micoloxía.

Este concurso naceu con vontade de continuidade, e o éxito desta primeira edición anímanos a seguir medrando o vindeiro ano".

As fotografías premiadas, xunto cunha selección das mellores imaxes recibidas, formarán parte dunha exposición durante a celebración da XXXV Feira de Fungos e Cogomelos.

A Deputación aproba o convenio para a construción do CAM

O pleno da Deputación da Coruña aprobou, cos votos a favor de PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do Partido Popular, o convenio co Concello das Pontes para a cesión dos terreos, a construción e posta en funcionamento da Casa de Acompañamento ás Persoas Maiores (CAM) das Pontes, que será o primeiro centro do novo modelo residencial que a institución provincial planea implantar tamén en Rianxo e Ordes.

O presidente provincial e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, explicou que ademais da cesión dos terreos nos que se asenta o antigo colexio Pardo Bazán á Deputación, o Concello das Pontes sufragará tamén o derribo do inmoble existente, mentres que a Deputación financiará con 6 millóns de euros a construción da nova residencia, cuxas obras

están previstas para iniciarse no ano 2026.

"Grazas á colaboración entre administracións, por fin se fai realidade un proxecto socialmente moi demandado. A Casa de Acompañamento non só permitirá que as persoas maiores permanezan no seu entorno habitual, evitando situacións de desarraigo e illamento, senón que tamén será a primeira pedra dun novo modelo de atención aos maiores que queremos ir estendendo na provincia", sinalou González Formoso.

O presidente provincial salientou tamén o impacto económico e social do proxecto: "Falamos da creación directa de 70 empregos e dunha inversión por parte da Deputación da Coruña superior aos 30 millóns de euros durante os próximos 30 anos". A CAM pontesa será a primeira das tres que prevé pór en marcha a De-

putación, xunto cos futuros centros de Ordes e Rianxo. As CAM están baseadas nun novo modelo residencial que aposta por unha atención máis próxima e máis aberta á comunidade, unha alternativa ao sistema actual, marcado moitas veces pola masificación, a despersonalización e por custes demasiado elevados para as familias.

A residencia de As Pontes contará con 59 prazas organizadas en catro unidades de convivencia, concebidas como pequenos fogares, con habitacións amplas e espazos abertos, cociña, salón, baño propio, acceso ao exterior e incluso decoración personalizada. Contará ademais con xardíns terapéuticos, espazos de reunión familiar e a posibilidade de convivir con mascotas, buscando un modelo máis próximo ao fogar que á institución tradicional.

As Pontes abre unha nova edición do PIE para cen desempregados

O Concello das Pontes, xunto aos concellos das Somozas e A Capela, pon en marcha unha nova edición do Programa Integrado de Emprego de Galicia, unha iniciativa subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, co apoio do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) e coa cofinanciación dos propios concellos participantes.

Este programa, cunha duración de doce meses, ten como obxectivo principal mellorar a ocupabilidade e favorecer a inserción laboral das persoas desempregadas da comarca, especialmente daqueles colectivos que presentan maiores dificultades de acceso ao mercado laboral e marca un obxectivo de inserción laboral do 42%, consolidando o seu enfoque práctico e orientado a resultados.



A nova edición do programa está dirixida a un total de 100 persoas desempregadas, tanto homes como mulleres, pertencentes a colectivos con especiais necesidades de apoio. As persoas participantes recibirán formación e apoio individualizado a través de accións que combinan

orientación laboral personalizada con sesións grupais. Ademais, o alumnado poderá adquirir competencias profesionais adaptadas ás necesidades actuais do tecido industrial e comercial da contorna, incrementando así as súas opcións reais de inserción.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCONTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL +

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Melloras na seguridade viaria e un novo espazo de lecer para as familias de Vilalba

A alcaldesa, Marta Rouco, acadou un acordo mediante o que a Deputación de Lugo achegará 260.000 € a Vilalba para, entre outras actuacións, renovar o acceso ao barrio das Fontiñas e da rúa do Rego.

Construirase tamén un parque infantil no Campo da Feira.

A mellora dos espazos e as infraestruturas públicas é un dos grandes obxectivos do Concello de Vilalba, cun programa de actuacións que continuará nas próximas semanas coa renovación do firme nos accesos ao barrio das Fontiñas e na rúa do Rego, así como coa construción dun novo parque infantil no Campo da Feira e a remodelación do parque de Rosalía de Castro.

Estas obras chegan ao concello grazas ao convenio de colaboración acadado pola alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, co presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca. O acordo suporá unha achega de 260.000 euros, cos que tamén se adquiriron e instaláron dúas canastras para o CEIP Mato Vizoso e un vehículo para o servizo eléctrico municipal.

"Agradezo a receptividade do presidente da Deputación ás demandas de Vilalba. Estes proxectos servirán para mellorar a vida diaria dos nosos veciños e veciñas, reforzando por unha parte a accesibilidade e a seguridade viaria nos accesos ao barrio de Fontiñas e na rúa do Rego, e contando con novos espazos de lecer para as familias", asegura a alcaldesa.

Na mesma liña fala o presidente da Deputación, que considera que se trata "dun acordo moi importante para a veciñanza de Vilalba, que permitirá facer varias melloras de calidade urbana e adquirir maquinaria, o que suporá un aforro significativo en mantemento eléctrico municipal".

"O parque móbil da Deputación rexenerou desde o ano pasado máis de 35 quilómetros nas parroquias de Vilalba, cun investimento de 900.000 euros"

Vilalba mellorará e ampliará os seus espazos infantís con cargo a estes fondos. No Campo da Feira, do lado da pista multiuso, construírse un parque infantil que contará cunhas dimensións de 180 metros cadrados. Instalarase un pavimento de caucho continuo de dobre capa en toda a superficie, delimitada por unha valla de madeira en postes e traveseros. O espazo contará cun balancín de dúas prazas e unha rede de xogos. Ademais, contará coa iluminación de dous faros e catro proxectores.

Tamén se remodelará a zona infantil do parque de Rosalía de Castro. Substituírse o pavimento de caucho existente e tamén a valla, de 100 metros cadrados, e renovaranse todos os xogos, instalando unha casina, un xogo múltiple con tobogán, bambán e redes.

Mellora da mobilidade

Este acordo entre a Alcaldía do Concello de Vilalba e a Deputación de Lugo permitirá tamén mellorar a mobilidade da capital chairga coa rehabilitación do firme no acceso ao barrio das Fontiñas e na rúa do Rego. No caso da vía que dá acceso ás vivendas situadas neste residencial de Fontiñas desde a rúa Conde Pallares, haberá que fresar os preto de 200 metros de firme, repavimentar con aglomerado en quente e repoiar a sinalización co pintado de marcas lonxitudinais e transversais.

O proxecto contempla ademais a remodelación da segunda parte da rúa do Rego, desde a altura do número 2 ata o final da mesma. Neste caso, darase continuidade á intervención realizada no primeiro tramo, no acceso desde o cruce coa rúa Plácido Peña, nunha intervención que mellorará a seguridade e a comodidade de vehículos e peóns. As obras consistirán na demolición do pavimento e as beirarrúas existentes para a pavimentación dun área de 430 metros cadrados de plataforma única de formigón en masa.

Aproveitando a intervención nesta zona da rúa do Rego, executarase tamén a súa conexión coa rede de saneamento municipal e a renovación dos elementos de condución e recollida de augas pluviais.

Os fondos da Deputación servirán por outra parte para a adquisición dunha plataforma aérea telescópica con camión portador para a súa adscrición ao servizo eléctrico do Concello. Unha compra que permitirá un acceso máis rápido aos traballos de mantemento eléctrico, como a iluminación pública, sinais e mantemento de redes, permitindo un aforro económico e enerxético importante e reducindo os tempos de resposta.

Outros acordos

A alcaldesa, Marta Rouco, acadou tamén no 2024 un acordo co presidente da Deputación, José Tomé, para contar en Vilalba cun equipo móbil para a rexeneración e acondicionamento de camiños nas parroquias, así como a apertura e limpeza de cunetas.

"Grazas a estes equipos podemos levar a cabo traballos en numerosos viais, cumprindo os meus compromisos coas asociacións veciñais. Uns traballos que sen a colaboración institucional, neste caso da Alcaldía e da Presidencia da Deputación, non serían posibles", sinala Rouco.

Entre o ano pasado e este, o parque móbil rexenerou máis de 35 quilómetros nas parroquias, cun investimento de 900.000 euros. "Un paso máis para facer de Vilalba un lugar máis coidado, conectado e accesible, neste caso coa mellora continua da rede de comunicación por estrada do noso rural", remata a alcaldesa.



Concello
de Vilalba



O persoal de Einsa Print fixo unha concentración o día do xuízo do ERE

Os traballadores e traballadoras de Einsa Print continuaron co calendario de mobilizacións en defensa dos seus dereitos e para denunciar a fraude do ERE aplicado pola empresa. Desta volta a protesta realizouse diante da Casa do Concello das Pontes precede á mobilización que o persoal realizará o 23 de outubro en Madrid, ás 10h, coincidindo co xuízo de impugnación do ERE na Audiencia nacional.

Máis alá do persoal directamente afectado polos despedimentos, na protesta púxose enriba da mesa o impacto laboral e social que a decisión de Einsa ten nunha localidade tan castigada pola desindustrialización como As Pontes. Por iso, demandaron o apoio da Corporación local ás súas reivindicacións na defensa do dereito ao emprego e para que se respecten os dereitos das traballadoras e traballadores.

Vicente Vidal, da CIG-Industria de Ferrol, lembrou que Einsa Print presentou o ERE cando estaba

vixente un acordo de garantía de emprego asinado na negociación do anterior ERE de 2024. Un acordo que a empresa non só incumpriu senón que toda a formulación do novo expediente foi unha fraude “e a foi a propia empresa a que provocou as causas para xustificar a medida”.

A “mala fe” da dirección, sinalou, evidénciase no feito de que no medio das negociacións, mentres se negaba a facilitar documentación esencial, Einsa Print solicitou a baixa do imposto de actividades económicas.

“A súa intención en todo momento foi cesar a actividade de artes gráficas e dedicarse a outros negocios que ten o grupo empresarial”, denunciou. De aí, engadiu Vidal, que o período de consultas rematara sen acordo e que se acordara impugnar o despedimento colectivo, cuxo xuízo na Audiencia Nacional está fixado para o vindeiro 23 de outubro “e no que intentaremos desmontar todo o ERE”.

As Pontes ten en marcha 55 obras cun investimento de 7,1 millóns

O Concello de As Pontes está a desenvolver un dos plans de investimento público máis ambiciosos dos últimos anos, cun orzamento global de 7.416.243,96 euros que se traduce en 55 actuacións repartidas polo conxunto do termo municipal, tanto no núcleo urbano como nas parroquias.

Estas intervencións, actualmente en execución, adxudicadas ou en proceso de licitación, teñen como obxectivo mellorar os servizos públicos, renovar infraestruturas esenciais, impulsar a eficiencia enerxética e recuperar espazos para o uso e desfrute da veciñanza.

A maior parte do investimento está xa en marcha, con obras tan significativas como a reurbanización da Praza do Barreiro, cun investimento de 372.644 euros, a recuperación da contorna da pista multideporte no Poboado da Magdalena (181.427 euros) , a mellora da Avenida de Galicia (Fase IV) con 277.173 euros, a renovación da beirarrúa e servizos

na rúa Rego do Muíño (179.465 euros), e a intervención na Avenida das Veigas e rúa Pardo Bazán (79.421), entre outras.

Outras actuacións destacadas inclúen a mellora de camiños municipais en Marraxón, Piñeiro, Porto do Liño e Terba, a renovación de pavimentos na rúa da Balsa e na rúa Real (1ª fase), así como ordenación e posta en valor do Parque da Memoria Toxo Verde, cun orzamento de 1,55 millóns de euros. Estas obras forman parte dun bloque de obras en execución, que acumulan un investimento superior aos 3,1 millóns de euros.

A este conxunto súmanse outras obras xa adxudicadas, como a rehabilitación dun edificio na Praza da Igrexa Nº3 para usos socioculturais (312.817,10 euros), a creación dun aparcadoiro disuasorio no Polígono Industrial de Penapurreira (151.565,62 euros), a mellora da eficiencia enerxética e do alumeadado público nas parroquias (128.630,77 euros), a reparación de paso so-

bre o río Chamoselo en Pedrafita (96.110,01 euros) e a mellora da pavimentación e servizos na rúa Anduriñas e o traslado da marquesiña na rúa Camelias (223.349,31 euro) O valor destas actuacións adxudicadas supera os 912.472 euros millóns de euros.

Por outra banda, o Concello está a tramitar a licitación de novas obras que permitirán seguir avanzando na mellora integral do municipio, cun investimento total previsto de 2.209.283,03 euros para reparación e mellora de pavimntos.

Ademais, no pleno de setembro, foron aprobadas novas actuacións que completan o plan de investimentos, cun valor total de 981.789,91 euros.

Destaca o peche e urbanización da pista multideportiva de Bermui, a execución de servizos municipais na DP1802 en Ribadeume, obras de mellora no local social de San Pedro de Eume, o abastecemento en Sangoñedo e actuacións similares en Sucadio.

ARTE URBANA

O mural realizado polo artista vigués Delio Rodríguez Ces foi distinguido co segundo premio mundial no certame Best of September de Street Art Cities, un recoñecemento internacional que sitúa esta arte urbana das Pontes entre as mellores do planeta. A distinción non só premia o talento do creador, senón tamén o compromiso da veciñanza, que se mobilizou para votar, difundir e poñer As Pontes no mapa cultural e artístico. Esta peza foi a última do museo ao aire libre As Pontes enPezas, na Praza do Carme.



O BNG retoma as mobilizacións en defensa da sanidade

A veciñanza das Pontes volverá concentrarse a partir do 6 de novembro diante do Centro de Saúde, convocada polo BNG baixo o lema “Non ao desmantelamento dos servizos de saúde”, para reclamar melloras na atención primaria e o mantemento dun servizo sanitario público e de calidade.

As concentracións, que se celebrarán todos os xoves ás 10:00 horas, dan continuidade ás mobilizacións iniciadas a comezos de ano.

ebos

OBRADEIRO DOCE

Rúa Campo de Punte 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 498 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

constru fer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

Avanzan as obras do aparcadoiro do polígono de Penapurreira

O alcalde das Pontes, acompañado por membros do equipo de goberno, visitou hoxe as obras de construción do novo aparcadoiro no Polígono Industrial de Penapurreira, na parroquia de Saa, que se atopan actualmente en execución.

Esta actuación ten como finalidade mellorar as infraestruturas viarias do polígono e ofrecer un servizo imprescindible nun espazo industrial en continua expansión, que conta cun número crecente de empresas e traballadores e conta cun orzamento total de 151.565,62 euros, financiado integramente pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Industria, a través do plan de axudas da Consellería de Economía e Industria para a mellora e habilitación das infraestruturas dos parques empre-



sariais galegos.

O alcalde destacou que “este novo estacionamento público é unha resposta ás necesidades reais do tecido empresarial de Penapurreira, que medra ano tras ano e precisa de máis servizos comúns para continuar ampliando a súa actividade.

Este proxecto permitirá optimizar o uso do solo industrial, liberar espazo dentro das parcelas e mellorar as condicións de acceso e estacionamento para as persoas traballadoras e visitantes. É unha boa inversión, financiada pola Xunta que nos axuda a seguir mellorando”.

O Concello denuncia un mal uso dos fondos de transición xusta

O Concello non participou na presentación do programa Activa Verde, ao considerar que dita ausencia é a expresión enérxica de rexeitamento ante o uso que fai a Xunta de Galicia dos Fondos de Transición, que a Unión Europea destina á provincia da Coruña, para reactivar as localidades que sofren os peches das centrais térmicas.

Desde o goberno local apuntan que “isto é algo que a Xunta non fai, destinado máis de 60 millóns de euros da veciñanza das Pontes e Cerceda a proxectos industriais de toda a provincia en lugar de concéntralos nas localidades das Pontes e Cerceda”.

Esta situación motivou que o Concello interpuxera cinco demandas

contra esas convocatorias que “consideramos un roubo de dereitos aos veciños e veciñas. Confiamos en que a Xunta recapacite ante esta situación e reoriente o deseño destes fondos a proxectos industriais que axuden a reactivar As Pontes”, apuntan desde o goberno local.

A decisión de non acudir foi previamente comunicada á administración autonómica, explicando as razóns que a motivaban.

O programa Activa Verde, promovido a través dun convenio entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios da Coruña, ASIME e os sindicatos, conta cun investimento de 2 millóns de euros procedentes dos devanditos fondos. Porén, nin

As Pontes nin Cerceda foron tidas en conta nin no deseño, nin no reparto destas actuacións, a pesar do compromiso previo da Xunta de que estes concellos serían prioritarios.

Ademais, o Concello lamenta que tampouco se contara co tecido empresarial local, representado por entidades como Cohempo ou Seara, o que supón un novo desprezo institucional cara ás iniciativas e capacidades do propio territorio.

Por todo iso, o Concello das Pontes considera que a súa presenza na presentación de Activa Verde sería incoherente coa postura crítica e firme que mantén en defensa dos intereses do municipio, da súa cidadanía e do seu tecido socioeconómico.

Adxudican as obras de reparación da ponte sobre o río Chamoselo

O Concello das Pontes vén de adxudicar as obras de reparación da ponte do río Chamoselo, na Pedrafita, na parroquia do Apparral, á empresa Gonnaba Construcciones y Reformas S.L.

Este proxecto, cun orzamento de 96.110 euros, ten como obxectivo dar resposta aos importantes danos estruturais provocados polas fortes precipitacións rexistradas nos últimos dous anos, que derivaron nun notable incremento do caudal do río que provocaron o colapso da estrutura actual, así como dos muros de escollera que protexían a estrada, provocando o afundimento do viario.

A intervención prevista contempla a súa demolición completa e a súa substitución por unha ponte

de formigón armado executado in situ, de 6 metros de luz libre e 6 metros de ancho, asentado sobre muros de escollera.

A obra tamén inclúe a reposición do firme da estrada, nun treito de aproximadamente 50 metros, co obxectivo de garantir a durabilidade e seguridade da vía tras a intervención.

Este proxecto supón unha actuación estratéxica para a mellora da seguridade viaria, especialmente para a veciñanza de Pedrafita e do conxunto da parroquia do Apparral, e enmárcase dentro do compromiso do Concello das Pontes coa conservación e modernización das infraestruturas municipais, sempre coa prioridade de garantir a mobilidade e o benestar da cidadanía.

MANTEMENTO FLUVIAL



A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia, executou actuacións de conservación e mantemento fluvial en preto de 1,5 quilómetros nos ríos Eume e Chamoselo. As tarefas desenvolvéronse en preto dun quilómetro do río Eume ao seu paso polo lugar da Ribeira Nova e duns 500 metros do río Chamoselo nas contornas de Adá, Os Loureiros e A Casanova.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993



Presentan o programa Comedores Responsables KM 0 de oito GDR

O Centro Colaborativo foi o escenario da presentación do programa Comedores Responsables KM 0 no territorio do GDR Comarca de Lugo, un proxecto que en 8 GDRs de Galicia, busca fortalecer o vínculo entre o medio rural e os comedores colectivos, promovendo unha alimentación máis saudable, sostible e comprometida coa produción local.

O acto contou coa participación de José Ángel Santos Sánchez, presidente do GDR Comarca de Lugo e alcalde de Friol; Lorena López Ceodrón, xerente do GDR Comarca de Lugo; Isabelle Gómez Rodríguez, xerente da empresa Traloagro; e Rocío García Carregal, responsable da asistencia técnica do programa Comedores Responsables KM 0. Ademais, acudiron representantes do sector educativo, produtoras locais, responsables de comedores e autoridades municipais, que mostraron o seu apoio a esta iniciativa que pon o foco na calidade e na orixe dos alimentos que chegan aos menús escolares e sociais.

Durante a súa intervención, o presidente do GDR, José Ángel Santos, destacou que “este proxecto é unha oportunidade real para conectar o traballo das nosas produtoras e produtores coas escolas, residencias e centros sociais, xerando sinerxías que fortalecen o rural e contribúen a crear unha sociedade máis consciente”. Engadiu que “a través de Comedores Responsables KM 0 queremos avanzar cara a un modelo de consumo máis responsable, que valore o produto galego e recoñeza o esforzo de quen traballa cada día no campo”.

O programa Comedores Responsables KM0, coordinado pola Asociación Terras de Compostela, desenvólvese no marco da colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia, e abrangue as anualidades 2025, 2026 e 2027. En total, participan oito GDR, que agrupan 86 concellos galegos e unha poboación próxima ás 710.000 persoa.

Invisten 137.000 euros nun plan de mellora de camiños e accesos

O Concello de Friol está a executar un proxecto de mellora e mantemento dos camiños municipais de acceso a núcleos rurais, cun investimento total de case 137.000 euros, financiado con cargo ao Plan Camiña Rural 2025-2026 da Consellería do Medio Rural a través de Agader.

As actuacións céntranse nas parroquias de Nodar, O Pacio e Xiá, incluíndo os lugares de Bidueiro, A Cerdeira e Santo Estevo (parroquia de Nodar); A Xesteira, Rétede, Bertamil e Abeledo (parroquia de Xiá); e A Casanova (parroquia de O Pacio).

Os camiños presentaban un deterioro notable, provocado polo paso continuado de maquinaria agrícola e polas condicións meteorolóxicas, cunha evidente erosión, perda de material e acumulación de vexetación nas marxes.

O proxecto contempla a limpeza de cunetas en ambas marxes, o varrido das superficies, traballos de bacheo onde sexa necesario e a aplicación



dun dobre tratamento superficial para mellorar o firme. “Esta intervención busca garantir a seguridade viaria e optimizar o acceso ás explotacións agrarias, previndo así danos futuros de maior custo”, explicou o alcalde de Friol, José Ángel Santos.

Este salientou que “seguiremos aproveitando este tipo de axudas da Xunta de Galicia, xa que con estes plans podemos mellorar parte dos

camiños municipais, imprescindibles para a rendibilidade e a competitividade das explotacións gandeiras e agrícolas do noso concello, que constitúen a base da nosa economía”. Estas obras permiten reforzar a infraestrutura rural e apoiar o desenvolvemento sostible do sector primario, consolidando o compromiso do Concello de Friol coa mellora continua dos seus servizos e dotacións.

Organizan magostos o sábado 8 nas parroquias de Xiá e Narla

A Asociación Cultural e Veciñal Xiá organiza o seu magosto sábado 8 de novembro cun xantar a partir das 14:00 horas. O encontro contará cun menú composto por callos, cachelos con chourizo e lacón, ademais de auga, viño, gaseosa, sobremesa e café. O prezo da comida será de 20 euros para socios e 25 euros para non socios, establecéndose un aforo máximo de 150 persoas. Tras o xantar, a festa continuará pola tarde.

O magosto en Narla será correrá a cargo da Asociación Pena Castrele tamén o 8. A celebración, que dará comezo ás 22.00 horas, incluírá un menú con empanada, chourizo, liscos e churrasco, seguido dunha sobremesa con café, castañas e queixo con marmelo. Todo isto por un prezo de 20 euros por persoa.

A festa estará animada pola actuación musical de Nerea Cobas e o DJ Javi Machito.

Condes celebra a tradicional Cea do San Martiño o 15

Condes celebrará o 15, ás 21:30 horas, a súa xa Cea do San Martiño, no local social da parroquia. O menú incluírá troitas, churrasco e pementos, unha proposta gastronómica clásica desta data que reúne veciños e amigos arredor da boa mesa e do espírito festivo de San Martiño.

O prezo será de 20 euros para socios e 25 euros para non socios. As persoas interesadas deberán anotarse antes do día 9 de novembro.



¡Para todo lo que tu automóvil necesita!





Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com



ENTRE O 24 E O 29 DE NOVIEMBRE
BLACK FRIDAY

Equipos de descanso: Colchóns, canapés, bases, téxtil...
Descontos a partir dun 15%

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



Friol situouse entre os 5 mellores destinos rurais de España

O municipio lucense de Friol foi recoñecido como un dos cinco mellores destinos de España no certame nacional Capital do Turismo Rural 2025, organizado pola plataforma Escapada Rural. O concello acadou a quinta posición na votación final, converténdose ademais no único representante galego que chegou á fase final do concurso.

Desde o Concello celebraron este logro como “un orgullo para toda a veciñanza”, destacando que ser finalista xa supón un importante recoñecemento ao traballo de promoción e posta en valor do territorio. “Friol garda historia, natureza e tradicións que merecen ser amosadas”, subliñou o alcalde, José Ángel Santos,

quen agradeceu o apoio e a implicación da cidadanía durante todo o proceso de votación.

O certame, que cumpre a súa nona edición, ten como obxectivo visibilizar vilas e aldeas que conservan un destacado patrimonio natural, cultural e gastronómico fóra das rutas turísticas máis habituais. Na edición anterior, o título recaeu en Santa Eulalia de Oscos (Asturias), e nesta ocasión Friol compartiu candidatura con localidades como Ágreda (Soria), Jerez de los Caballeros (Badaxoz), Karrantza Harana (Biscaia), Navahermosa (Toledo), Tibi (Alacant), Trasmuz (Zaragoza), Valtierra (Navarra), Vielha (Lleida) e Zuheros (Córdoba). O municipio lucense destacou na

competición pola tranquilidade do seu contorno rural, os seus pazos e hórreos, a riqueza patrimonial das súas máis de trinta parroquias e a súa gastronomía singular, protagonizada polos queixos con Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa e pola tradicional Feira do Pan e do Queixo, unha das máis emblemáticas de Galicia e recoñecida a nivel estatal.

Ademais, o portal organizador Escapada Rural recomenda Friol como un destino de referencia no turismo de interior, citando establecementos como Casa Villar ou The Land of Eve, xunto con outros 79 aloxamentos rurais situados no municipio e nas súas inmediacións.

A Xunta aproba o proxecto para completar a estrada a Palas de Rei

O Consello da Xunta aprobou definitivamente o proxecto de construción da mellora da LU-231, no treito comprendido entre Castrelo e A Baiuca, no enlace coa autovía A-54, que suporá un investimento de preto de 4,8 M€.

Este nova actuación do Goberno galego daralles continuidade ás obras xa executadas no treito inicial de 9,4 quilómetros desta vía autonómica, entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo. Con esta nova actuación, o Goberno galego completará a mellora integral dos 18,7 quilómetros de lonxitude da estrada entre Friol e A Baiuca, que sumará en total un investimento autonómico de máis de 7,5M€.

En concreto, o proxecto aprobado hoxe comprende a mellora dos ou-

tros 9,3 quilómetros de lonxitude que conforman a estrada autonómica, entre os puntos quilométricos 9+400 (Castrelo) e o 18+700 (A Baiuca, no enlace coa A-54), no termo de Palas de Rei.

Neste caso, trátase de levar tamén a cabo a ampliación da plataforma da estrada ata os 8 metros e de mellorar o trazado das curvas máis pronunciadas, con raios insuficientes, coa finalidade de darlle coherencia ao trazado. Deste xeito, a intervención nova intervención incide na seguridade viaria e en proporcionar desprazamentos máis cómodos aos veciños.

Na intervención inclúense 9 obras de drenaxe transversal e, como actuacións complementarias, a restauración vexetal dos noiros de contornos

fluviais, onde se sitúan as obras de drenaxe transversal mediante o estendido de terra vexetal (obtida da propia obra) e a plantación de especies leñosas autóctonas.

Tamén se reporán os firmes e pavimentos, se incorporarán as medidas de sinalización e balizamento necesarias para a seguridade viaria e se restituírán os servizos que resulten afectados.

A aprobación definitiva deste proxecto no Consello da Xunta comporta tamén a declaración de utilidade pública, polo que se dispón a urxente ocupación dos 235 predios necesarios para executar esta intervención.

Os orzamentos da Xunta deste ano reservan xa 2M€ para este eixe Friol-Palas de Rei- Begonte.

EN BREVE



CULTURA. O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, mantivo unha xuntanza co alcalde, José Ángel Santos, para e coñecer de primeira man os proxectos e as necesidades do municipio nas áreas da súa competencia.



MOBILIDADE. Arrancou en Friol a Eurodesk Race, unha iniciativa da Asociación Inglicia e ADR Comarca de Lugo no marco da campaña Time to Move. Trátase dunha competición por parellas que implicou viaxar desde Friol ata A Garrotxa (Catalunya), utilizando unicamente medios de transporte sostibles con tan só 20 euros diarios por participante.



ANTENAS. O Concello anuncia unha importante mellora na cobertura móbil do municipio grazas á instalación de tres novos centros de telecomunicacións. Estas infraestruturas, promovidas pola empresa ON Tower Telecom Infraestructuras S.A., permitirán cubrir zonas onde ata o de agora o sinal era moi deficiente ou inexistente.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en urallitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

A Deputación inviste na Granxa Gayoso Castro

A Deputación de Lugo destinará -a través de tres contratos de licitación- un investimento conxunto de case 200.000 euros para mellorar a mobilidade e reforzar a eficiencia da Granxa Gayoso Castro. Así o avanzou a Voceira socialista do Goberno Provincial, Pilar García Porto, tras a reunión semanal da Xunta do Goberno, quen detallou que “dous destes contratos están relacionados co mantemento da maquinaria do Parque Móbil e un terceiro co sector primario dirixido á Granxa Gayoso Castro”.

No que ten que ver co Parque Móbil detallou que “demostramos luz verde a dous novos contratos, por un importe conxunto de 154.100€, cos que continuaremos mellorando o mantemento das estradas que articulan os 67 concellos da provincia”. Por unha banda, a Xunta de

Goberno aprobou a licitación para adquirir dúas palas cargadoras cun orzamento de 133.100€ e o prazo de entrega de 30 días naturais. Aprobouse tamén a licitación doutro contrato que ten que ver co servizo de mecanizados. Definiu, a Voceira socialista, esta prestación como “fundamental” para o correcto funcionamento do Parque Móbil, xa que permite realizar traballos de reparación nas máquinas, vehículos e equipos que se empregan a diario.

O orzamento de licitación deste contrato é de 21.000€ e terá unha duración dun ano, que poderá prorrogarse ata catro anos. García Porto sinalou tamén se licitou o contrato de mantemento da maquinaria da Granxa Gayoso Castro que a Deputación ten no concello de Castro de Rei.

Medio Rural inicia as obras dunha rede de 30 camiños en Triabá

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez; e polo alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado; visitou hoxe o inicio das obras da creación dunha rede de 30 novos camiños na zona de parcelaria de Triabá. Esta actuación conta cun orzamento de máis de 4,2 millóns de euros ata 2028, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento, e inclúe varias canles de drenaxe e outras obras de paso.

A obra, segundo explicou a conselleira, permitirá crear 30 camiños de nova apertura cunha lonxitude, no seu conxunto, de máis de 27.600 metros; 13 canles e outras actuacións de drenaxe transversal; a limpeza e a reapertura dunha canle que se atopa completamente desnaturalizada; así como a construción de balsas de decantación. Todas estas actuacións enmárcanse no Plan de Reestruturación Parcelaria, que este 2025 está dotado con 14 millóns de euros.

Gómez salientou que, grazas a este investimento de relevancia, mellorarase unha parcelaria que abranque unha superficie de 1.163 hectáreas, dentro das que se atopan 3.144 parcelas de algo máis de 550 propietarios.

A conselleira do Medio Rural puxo en valor este tipo de ferramentas de mobilización de terra agraria que contribúen a paliar o minifundismo, a incrementar o valor das terras e aumentar a base territorial das explotacións, así como a reducir o abandono dos terreos.



O Concello elabora un inventario de camiños

O Concello de Castro de Rei elabora un inventario con 2171 vías municipais con unha extensión de 841 km e 360 bens inmobles entre os que se inclúen fincas e inmobles de natureza urbana e rústica propiedade do Concello, tamén se inventarian 188 pontes e pasos de auga.

É unha proposta que se aprobou inicialmente no pleno do pasado mes de setembro e que agora se somete a información pública para consultas ata o día 10 de novembro, data límite para que se poidan formular alegacións ao mesmo.

Os interesados poderán facer todo tipo de alegacións, consultas, suxestións ou aclaracións, que principalmente poden suscitar controversia naquelas zonas nas que non existe concentración parcelaria e os camiños existentes poden

presentar discrepancias coa realidade catastral.

Cada ben municipal conta con unha ficha identificativa do ben, con un código e a información correspondente para a súa identificación así como unha foto identificativa.

Con este inventario o Concello actualiza o anterior inventario aprobado hai trinta anos coa finalidade de actualizar o catálogo de bens municipais e recoller todas as propiedades que pertencen ó Concello, entre os que se destacan as redes de camiños existentes nas últimas concentracións parcelarias executadas nos últimos 30 anos.

Está financiado con cargo ao plan único da Deputación e o Concello de Castro de Rei, contando con un importe de 30.000 euros.

ELECCIÓN NO PSOE



Alba Sinde, actual voceira no Concello de Castro de Rei, foi elixida como nova Secretaria Xeral do PSdeG nesta localidade. Xunto a ela, o equipo de organización estará coordinado por Iria Campo Piñeiro; en Política Municipal, por Marcos Carballo Maciá; no ámbito agropecuario, por Carlos Sinde Basanta; e en Muller e Mundo Rural, por María José Folgueira Lage.

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero

CLINICA DEL PIE

DR. YESICA OTERO ESTALOTE

DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

• **PODOLOGÍA**

DEPORTIVA - INFANTIL

CIRUGÍA - DIABÉTICA

GERIÁTRICA - PLANTILLAS

• **ECOGRAFÍA**

• **TRATAMIENTOS CON LASER**

• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

• **ÚLCERAS**

ARTERIALES - VENOSAS

Carballo & Otero

CLINICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

HORARIO DE VERANO

Lunes, miércoles y viernes

de 9:00 a 15:00h.

Martes y jueves de 9:00 a 20:00h.

Campo de Puente, 20 Bj.

Vilalba - Lugo

Tel: 982 88 75 65

Urgencias: 609 72 97 12

TA

TECNOAGRI

Materiales y Maquinaria Agrícola

DeLaval

Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea

Teléfono: 982 330 465

DeLaval

DeLaval

Lorenzana defende a estratexia de seguridade, defensa e aeroespazo

A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, acompañada do delegado territorial da Xunta, Javier Arias, avanzou que a provincia vai ter un papel protagonista na Iniciativa Estratéxica de Seguridade, Defensa e Aeroespazo (IESDA), que vai contar cunha partida de 14,8 millóns de euros nos Orzamentos da Xunta do 2026 para poñer en marcha as primeiras actuacións.

Así o avanzou nunha xuntanza con representantes da Fundación CEL, que colabora coa Xunta na aceleradora BFAero, e cos promotores dalgúns dos proxectos participantes na última edición. Lorenzana salientou que o obxectivo da nova estratexia é favorecer o desenvolvemento tecnolóxico e empresarial dun sector cun gran futuro pola súa capacidade para a creación de riqueza, captación de talento e emprego de calidade.

Nesta aposta por Lugo, o Parque Industrial de Rozas albergará o primeiro banco de probas en España do "Ceo Dixital Europeo", anunciou Lorenzana, quen recordou que a semana pasada asinou unha memoria de cooperación coa empresa común Sesar JU, impulsora deste programa deseñado para unificar o espazo aéreo europeo. Mediante este acordo,



Galicia converterase no primeiro banco de probas de España.

A conselleira explicou que Rozas será clave na IESDA e que o obxectivo é "evolucionar o que xa temos hoxe aquí en Rozas e converter o novo parque industrial nun referente europeo do sector do aeroespazo", xa que é un exemplo emblemático das capacidades da comunidade no ámbito aeronáutico e será parte esencial para o desenvolvemento industrial do resto de Galicia.

EMPRESAS TRACTORAS. Entre as medidas que se van poñer en marcha cos orzamentos, María Jesús Lorenzana mencionou a adxudicación

dos primeiros grandes contratos de desenvolvemento tecnolóxico coas empresas tractoras que serán socios estratéxicos da Xunta. Tamén, que a principio de ano se convocará a liña de axudas para investimentos en tecnoloxías duais (civil-defensa), na cal se concederá maior puntuación nos criterios de valoración a aqueles proxectos que se sitúen no entorno de parque industrial de Rozas.

Ademais, avanzou a creación dunha aceleradora específica para proxectos espaciais con sede en Rozas e engadiu que existe unha demanda das empresas galegas do sector espacial para que Galicia se posicione para albergar unha aceleradora europea.



A XIV Expodegustación da Galiña de Mos foi un éxito de participación

A parroquia de San Xiao de Mos celebrou a décimo cuarta edición da Expodegustación da Galiña de Mos, unha cita xa consolidada no calendario outonal da comarca da Terra Chá e que volveu converterse nun punto de encontro entre criadores, produtores, veciñanza e visitantes.

O deputado de Rural, Daniel García, asistiu ao evento organizado pola Asociación de Veciños de San Xulián de Mos e Avimós coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. O responsable provincial visitou a mostra de exemplares de Galiña de Mos, que reuniu aves dunha ducia de criadores e criadoras da zona e do resto da comarca, e par-

ticipou tamén no xantar popular no que se repartiron 800 menús elaborados con produtos desta raza autóctona: galo guisado ao xeito tradicional, arroz con Galiña de Mos, ovo frito e queixo Leitigal de sobremesa. No marco da feira entregáronse os premios do XI Concurso Comarcal de Galiña de Mos. O galardón ao Mellor Lote de Femias Recría foi para José Zapata (Castro Ribeiras de Lea, Castro de Rei); o Mellor Lote de Machos Recría recaeu en Luis Fernández (Chacín, Riotorto); o premio ao Mellor Galo foi para Beatriz Canto (Pacios, Castro de Rei), mentres que o de Mellor Galiña foi para Alberto Buján (Pedrafita, Guitiriz).

Inviste en Friol





CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Riotorto prepárase para celebrar o 8 a Polavila

Riotorto acollerá o 8 de novembro a IV Polavila, coa que se celebrará o 128 aniversario do poeta Avelino Díaz. A cita terá lugar nas Rodrigas e incluírá unha ampla programación cultural centrada na tradición e na música popular galega. A xornada comezará ás 11:00 horas co obradoiro Fiando por Avelino, no que Teté Mareque amosará o proceso de fiado da la galega. Ás 14:00 horas está prevista a actuación do grupo de música tradicional A Chocolateira, da Pontenova. Pola tarde, ás 17:00 horas, celebrárase unha homenaxe ás Cantareiras, coincidindo co Día das Letras Galegas 2025, cun obradoiro de cantares populares dirixido por Branca Villares. Ás 19:00 terá lugar a propia IV Polavila por Avelino, coa participación de Asubíos da Chaira, de Cospeito, e dun grupo de música e baile tradicional da Pastoriza. A programación continuará ás 20:00 horas cun concerto organizado polo Concello de Riotorto, a cargo do grupo lucense A Volta do Agro, e rematará ás 22:00 horas



coa actuación de Pan sen Fron, grupo de pandereteiras sen fronteiras. Ademais, do 12 ao 15 de novembro o Centro Sociocultural Avelino Díaz acollerá unha exposición dedicada ás Cantareiras homenaxeadas no Día das Letras Galegas 2025. O venres 14 de novembro, no mesmo espazo, realizarase un obradoiro musical para o alumnado da Casa-Niño A Croa e do CEIP de Riotorto, impartido por Branca Villares. O evento conta coa organización da Asociación Cultural Avelino Díaz e a colaboración dos concellos de Riotorto e Meira, así como da Deputación de Lugo a través da súa área de Cultura.

Adxudican as obras pendentes para o remate da residencia de maiores

O Concello de Riotorto deu un novo paso cara á posta en marcha da residencia de maiores coa adxudicación dos traballos necesarios para completar a obra, que quedara interrompida tras a entrada en concurso de acredores da empresa construtora inicial, Construcciones J. Naray. O alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, asinou a adxudicación dos traballos á empresa Regenera Construcciones y Contratas 2022, que presentara a correspondente licenza para poder executar o proxecto baixo a fórmula coñecida como “separata de proxecto refundido”, cun orzamento total de 1,35 millóns de euros. Esta modalidade permite contratar unicamente as actuacións pendentes, incorporando as melloras xa realizadas e garantindo a continuidade da obra. Tamén pon fin a meses de xestións e tramitacións para a continuidade do proxecto.



O asunto foi aprobado na última sesión da Xunta de Goberno Local, na que tamén se autorizou o inicio inmediato da execución dos traballos. A construción da residencia está financiada parcialmente polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a través dos fondos Next Generation da Unión Europea, mentres que o resto dos recursos

proceden de fondos municipais xa consignados no orzamento. O rexedor xa destacara a importancia deste proxecto, cualificándoo como “fundamental para o municipio”, tanto polo servizo que ofrecerá como polo impacto económico e social que suporá, xa que terá 37 prazas residenciais, xerando arredor de 20 postos de traballo estables.

Convocada a festa de Entroido para febreiro

O Riotorto CF anunciou xa que organizará o tradicional Entroido 2026, que será o sábado 7 de febreiro pola noite no pavillón do colexio de Riotorto. Contarán con música en directo para amenizar a festa. Haberá premios para os mellores

disfraces nas categorías charangas, parellas e individual ata repartir máis de 6.000 euros. Ademais desta cita obrigada, o Concello de Riotorto, colaborador do evento, ten previsto organizar outras actividades vinculadas ao Entroido.



RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lonzós 27816
VILALBA - LUGO

982 52 58 65 - 626 23 71 56

O gospel chega a Meira cun concerto solidario

A vila de Meira acollerá o vindeiro 4 de decembro, ás 20:00 horas, unha noite de góspel solidaria protagonizada polo grupo Aba Taano, un conxunto formado por cinco voces de Uganda que revolucionaron o góspel africano en Europa. O concerto celebrarase na Igrexa de Meira e ten un carácter benéfico, a favor da organización Música para Salvar Vidas, que traballa para ofe-

cer oportunidades de futuro a nenos e mozos en Uganda a través da música e da educación. As entradas teñen un prezo de 12 euros e poden adquirirse na Oficina de Turismo de Meira, na plataforma giglon.com ou directamente na taquilla, unha hora antes do comezo do espectáculo. O evento promete unha noite chea de emoción, talento e solidarieda-



de, combinando a forza da música góspel coa causa humanitaria que representa o proxecto Música para Salvar Vidas.

Cruz Vermella organiza un curso sobre a lingua e cultura galegas

A Cruz Vermella, coa colaboración do Concello de Meira e o financiamento da Xunta de Galicia, organiza un curso gratuito de introdución á lingua e á cultura galegas dirixido á poboación migrante. A actividade, que terá unha duración total de 20 horas, desenvolvease do 10 ao 13 de novembro na Casa da Cultura de Meira, en horario de 09:30 a 14:30 horas. O curso é totalmente gratuito e inclúe material didáctico, ademais de ofrecer un certificado oficial emiti-

do pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. O obxectivo desta formación é achegar ás persoas participantes ao coñecemento básico da lingua galega e da súa cultura, favorecendo así a integración e a participación activa na comunidade local. As persoas interesadas poden solicitar máis información ou formalizar a súa inscrición a través do correo electrónico formacionlugo@cruzroja.es ou chamando ao teléfono 607 346 269.

Regresa este mes o Campionato de Tute

O sábado 29 celebrarase en Meira o IV Campionato de Tute. O torneo comezará ás 19:00 horas no Cabanóns do Convento nun local climatizado. Contará cun máximo de 32 parellas e os premios para os primeiros postos serán de 750, 350, 200 e 100 puntos respectivamente. Ademais, haberá unha fase de repesca con recompensas de 300, 150 e 100 puntos para os tres primeiros, mentres que o cuarto clasificado recibirá dous lotes de produtos. A inscrición terá un custo de 100 puntos por parella e incluírá cea para os participantes.

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



A Deputación investiu 200.000€ na estrada que conecta Vilalba con Momán

Os traballos na LU-P-6513 consistiron na reapertura das cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e sinalización desde o inicio da vía á rotonda de acceso á autovía A8 e tamén a reposición de marcas viais desde o punto quilométrico 1,6 ao 17,3

A Deputación de Lugo rematou as obras de mellora da estrada provincial que conecta Vilalba con Momán, a LU-P-6513, cun investimento de 200.000€.

Os traballos afectaron a dous tramos da vía. Concretamente, no tramo que vai de Vilalba –desde a intersección entre a rúa Conde Pallares coa rúa Cidade de Betanzos- ata a conexión coa A8, a actuación consistiu na reapertura das cunetas, pavimentación con aglomerado en quente, sinalización vertical e pintado mediante marcas reflexivas brancas. Desde aí, no punto quilométrico 1,6, e ata o 17,3 xa no concello de Xermade, o proxecto incluíu a reposición da sinalización horizontal.

Trátase dunha actuación moi importante para a Terra Chá, porque este primeiro tramo transcorre polo casco urbano vilalbés -dando servizo directo á rúa Cidade de Betanzos, rúa da Ferrería e o Camiño do Rollo- e ten moito volume de tráfico porque é a vía que emprega a veciñanza de varias parroquias do rural para acudir á vila e a Xermade. Ademais enlaza coa LU-P-2204, que comunica o núcleo xermadés de Momán coas Pontes de García Rodríguez, na provincia da Coruña.

Obra realizada por:



A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO

O Centro de Saúde recupera a totalidade do seu servizo médico

O Sergas anunciou que, despois de varios meses de xestións co Concello, o Centro de Saúde de Pastoriza recupera plenamente a súa cobertura sanitaria. A praza que permanecía vacante por traslado foi cuberta en propiedade por un novo médico, e tamén se cubriu a substitución por baixa de enfermidade da doutora María Jesús, que será atendida por unha nova profesional médica.

Con estas incorporacións, o centro queda restablecido cun cadro

completo formado por tres médicos, un pediatra que acudirá dúas veces por semana, tres ATS e dúas PSX, "o que permitirá mellorar a atención e reducir os tempos de espera", di o Goberno local.

Desde o Concello amósase satisfacción por esta mellora, "froito das xestións realizadas nos últimos meses", e agrádecese ao Sergas a súa colaboración "para garantir unha atención sanitaria de calidade e continuada á veciñanza da Pastoriza", engaden.

Convocan o concurso de imaxes contra a violencia de xénero polo 25N

O Concello da Pastoriza lanza a terceira edición do Concurso Fotográfico contra a Violencia de Xénero, unha iniciativa que busca concienciar á poboación e promover a igualdade a través da arte e a creatividade. As persoas interesadas poden participar enviando debuxos ou fotografías con frases ou lemas que rexeiten a violencia de xénero ao correo igualdade@pastoriza@gmail.com.

O prazo para enviar as imaxes está aberto desde o 9 ata o 15 de novembro. Todas as obras recibidas serán publicadas o 16 de novembro nas redes sociais do concello, onde o público poderá votar polas súas favoritas mediante "gústame" ata o 21 de novembro ás 23:59 horas.

Esta actividade conta co apoio do Ministerio de Igualdade e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA



A foto gañadora do VII Concurso de Fotografía foi a de Ángeles Prieto Calaza, que mostra a un grupo de rapazas do rural que no seu tempo libre xogan ao pádel; na pista atopan un espazo para compartir, superarse e rir xuntas. Porque ser do rural é moito máis que vivir no campo: é vivir con paixón.

Comezan as obras de ampliación e mellora do polígono industrial

Deron comezo na Pastoriza as obras de mellora e ampliación do parque empresarial do municipio, co obxectivo de responder ao interese de varias compañías que manifestaron a súa intención de instalarse nesta superficie industrial.

A iniciativa conta cunha axuda da Consellería de Economía e Industria que ascende a 96.000 euros, acadada a través dunha convocatoria de concorrencia competitiva, e suporá un investimento que supera os 109.000 euros xunto aos 24.000 de achega municipal.

A previsión é que as obras estean concluídas antes de finalizar o ano. A actuación contempla a dotación de beirarrúas, rede de saneamento e canalización eléctrica, co fin de deixar plenamente equipadas unhas catorce parcelas, que se distribuirán en solares de arredor de mil metros cadrados. Estas parcelas poñeranse



á venda a un prezo reducido, coa intención de atraer empresas que xeren emprego e impulsen a economía local.

Ademais, o executivo municipal prevé que a venda destes terreos permita dispoñer de recursos económicos para adquirir solo apto co que impul-

sar a construción de vivenda pública, outra das necesidades que o Concello considera prioritarias para o futuro inmediato.

Por outra banda, continúan a bo ritmo tamén as obras da futura área de autocaravanas e as da rúa Calexón.

A Xunta impulsa medidas para frear o impacto da banda marrón do piñeiro

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, visitou os terreos da comunidade de montes veciñais en man común de Acebreiro, no concello da Pastoriza, afectados pola doenza da banda marrón do piñeiro. Durante a visita, explicou as medidas que a Xunta de Galicia está a poñer en marcha para paliar esta situación e garantir a sustentabilidade forestal, evitando ao mesmo tempo o abandono do rural.

Gómez destacou que a ampliación da moratoria do eucalipto ata 2030, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2026, inclúe dúas flexibilizacións pensadas para dar resposta á crise provocada pola banda marrón. A primeira delas permitirá substituír ata o 50% da superficie das plantacións gravemente afectadas por eucalipto durante unha única quenda de corta, coa condición de que a metade restante se reforeste con coníferas ou frondosas.

A segunda flexibilización contempla

a posibilidade de realizar novas plantacións de eucalipto para substituír aquelas xa existentes, sempre que a parcela orixinal se transforme con especies de coníferas ou frondosas e que a nova superficie de repoboación non supere, con carácter xeral, o 75 % da que se dedicaba previamente a eucalipto.

Segundo explicou a conselleira, con este novo marco derivado da ampliación da moratoria búscase que os propietarios forestais poidan producir máis e mellor, pero nunha superficie menor, garantindo así o máximo aproveitamento dos recursos e a diversificación do territorio. Gómez salientou tamén o compromiso da Xunta coa sanidade forestal, que se traduce en accións coordinadas co sector para recuperar as masas de piñeiro afectadas mediante tratamentos fitosanitarios e programas de selección xenética de árbores resistentes á doenza, entre outras actuacións.

O PSOE critica a actitude do alcalde ante o parque eólico

O PSOE da Pastoriza amosou o seu malestar tras coñecerse a autorización por parte da Xunta de Galicia do parque eólico Penas Pardas, que se situará entre os concellos de Abadín e A Pastoriza e que será promovido pola empresa Norvento. A formación socialista cuestiona quen se beneficiará realmente deste proxecto e sinala que "os veciños e veciñas de Saldanxe seguro que non", en referencia ás zonas máis afectadas pola instalación dos aeroxeradores.

O proxecto prevé a colocación de dez aeroxeradores cunha potencia total de 29 megavatios, dos cales 26 serán evacuables. Os aeroxeradores alcanzarán ata 125 metros de altura, e o diámetro do rotor situarase entre 155 e 170 metros.

Desde o PSOE lembran que en 2023 o actual portavoz popular, Darío Cabaneiro, asegurara que se poñía á fronte da lista do Partido Popular para frear os proxectos eólicos previstos na Pastoriza, e acusan ao goberno local de "non cumprir co prometido".



zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982516550



cospeito

A Xunta e a Deputación buscan un acordo sobre a Torre de Caldaloba

A Xunta de Galicia e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo deron un paso adiante nas negociacións sobre o futuro da Torre de Caldaloba, en Cospeito, tras anos de bloqueo e cruzamentos de acusacións. Ambas administracións acordan abrir un marco de diálogo para buscar unha solución á situación xurídica e de propiedade da fortificación, Ben de Interese Cultural (BIC) desde 1994. O acordo produciuse despois dunha audiencia previa no Xulgado de Instrución número 4 de Lugo, onde se decidiu fixar nos vindeiros días un prazo oficial para avanzar nas conversacións. O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, cualificou o paso como “positivo” e confiou en que “sirva para iniciar canto antes a recuperación e posta en valor da Torre, que foi o motivo polo que a área de Cultura adquiriu a parcela en 2022”. Engadiu que o obxectivo é “evitar un novo proceso xudicial que só atrasaría a restauración dun ben de gran valor patrimonial”. Porén, a Xunta e o Concello de Cospeito responsabilizan á Deputación da situación actual. O delegado



territorial, Javier Arias, e o alcalde Armando Castosa aseguran que o organismo provincial non puido rexistrar a compra da súa parte da Torre debido a un proceso irregular, no que “ignorou o dereito de tanteo exercido en prazo polo Goberno galego”. Arias lembrou que a Xunta e o Concello tiñan un convenio asinado en xuño de 2022 para adquirir o 100% do monumento, e que a Deputación se “inmiscuíu nun proceso xa iniciado, formalizando a compra antes de tempo e incumprindo o prazo legal”. Por este motivo, o Rexistro da Propiedade de Vilalba declarou nula

a escritura de compravenda, impedindo a súa inscrición. O delegado denunciou a “actitude irresponsable da Deputación, que provocou o bloqueo do proxecto de recuperación”, e afirmou que “a Torre xa sería propiedade do Concello e dos seus veciños se non fora pola súa interferencia”. A Torre de Caldaloba continúa así no centro dun enfrentamento político e xurídico que se arrastra desde 2022. Malia as discrepancias, tanto Xunta como Deputación coinciden agora en que o novo proceso de diálogo podería abrir a porta á restauración.

Convocan o XVII Mercado de Nadal de Muimenta

A Xunta Directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta, a cal engloba a gandeiros, profesionais e autónomos da Vila, sigue desenvolvendo actividades, en especial encamiñadas a estas datas de Nadal. Un ano máis, o Mercado de Nadal de Muimenta, que alcanza a súa décimo sétima edición, comeza o domingo 1 de decembro e rematará o 5 de xaneiro do 2026. Os premios serán 19 vales de 100 euros, cada un deles, aos propietarios das papeletas que coincidan cos tres últimos números do primei-

ro premio da Lotería de Reis, que se celebrará o vindeiro sábado 6 de xaneiro do 2026. Os gañadores terán que informar antes de que remate o 15 de xaneiro, de que posúen a rifa gañadora. Non será válido todo o que apareza despois dese día, así como se se gaste o valor do premio antes da entrega do pertinente vale. Ditados vales, deben ser consumidos, coma sempre, nos negocios pertencentes ao colectivo empresarial, nos trinta días posteriores a súa entrega.

Nanda Misa gaña o Certame de Caligramas

A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño convocou a quinta edición do Certame de Caligramas Constanza de Castro, ambos en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es co fin de reivindicar a relevancia histórica e cultural da Torre. Neste concurso participan maiores de 12 anos cunha única obra

en formato e temática libres. Nesta ocasión, o primeiro premio foi para Nanda Misa, de Nigrán, Pontevedra, pola súa obra Constanza no espello. O segundo premio foi para a obra 11 pulsos contra o esquecemento, de Alba Rodríguez, de A Coruña. O xurado estivo formado por Noa Pena, Xesa Roca e Loli Domínguez.

Comezan a festas de San Martiño en Pino

Os días 8 e 9, a localidade de Pino, celebrará as súas tradicionais festas en honra a San Martiño. O sábado as festividades comezarán coa misa ás 13:30 horas, seguida da procesión e a sesión vermú, que estará amenizada pola orquestra Miramar. Pola noite, na verbena reopetirá Miramar xunto a Los Satélites. O domingo 9, a programación seguirá coas celebracións relixiosas, incluíndo outra misa, procesión e sesión vermú ás 13:00 horas, que nesta ocasión estará a cargo da orquestra Escaparte.

Torneo de tute de Copeito Veteranos

O Cospeito Veteranos celebrará o 8, a novena edición do torneo de tute, na Cámara Agraria da Feira do Monte, a partir das 18.00 horas. Recibirán un premio en metálico as catro parellas mellor clasificadas na xeral e as 4 da repesca. Recibirán os gañadores da xeral 1.400 euros, con 600 para o segundo e 300 e 200 para o resto. Na repesca os premios serán de 600, 250, 200 e outro de 100. Haberá unha segunda repesca cun primeiro clasificado, que recibirá 200 euros, e un segundo, con 100 de premio.

**JRoca**
INMOBILIARIA

**ROCA & PRADO**
ABOGADOS

Avda. da Terra Cha, Vilalaba
Terreno Urbano (solar) | 800 m² 130.000 €
Se vende solar de 800 m², con 16 metros de fachada. La edificabilidad del mismo es bajo y cuatro plantas más ático. El solar también da a la calle que pasa por detrás, en concreto, la calle Mondoñedo.

Calle Rollo, Vilalaba
Piso | 2 Dorm | 1 Baños | 63 m² 65.000 €
Piso segundo sin ascensor, de dos dormitorios y sala, cocina, un baño y dos trasteros. El piso no dispone de calefacción y se vende con los muebles

Mourence s/n, Vilalaba
Terreno / Urbanizable | 4.093 m² 21.000 €
A escasos kilómetros del casco urbano de Vilalaba se vende finca de unos 4000 metros cuadrados, en la que hay una construcción de 98 metros, que puede acondicionarse como vivienda. Dentro de la finca también hay restos de un antiguo horno.

LU-541, Rabade
Casa rural | 2 Dorm | 2 Baños | 120 m² 65.000 €
A unos tres minutos de Rabade (Lugo), en dirección a Vilalaba (Lugo) se vende casa para reformar, que dispone de dos habitaciones y sala, cocina y un baño y un aseo.

Conde Pallares, Vilalaba
Edificio residencial | 330 m² 170.000 €
Se vende edificio compuesto por bajo y dos plantas. El bajo está destinado a garaje, en el que caben al menos cuatro vehículos. El primer piso está dividido en 4 habitaciones y sala, baño y aseo, cocina y amplia terraza cubierta. Este piso está amueblado. El piso segundo está dividido en 4 habitaciones y sala, baño y aseo y cocina. Este piso presenta un estado de conservación, que precisa alguna reforma. Las viviendas tienen calefacción de gasoil y en el precio se incluye el terreno que hay a la espalda del edificio.

Avda. Bellavista, Cervo
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 116 m² 79.000 €
En Leiro, San Ciprian, se vende piso de tres habitaciones y sala, dos baños cocina-comedor. Dispone de calefacción, un trastero y esta situado cerca de la playa. Es un cuarto sin ascensor; pero con la posibilidad de ponerlo

Campelos, Vilalaba
Finca rústica | 7 Dorm | 2 Baños | 380m² 330.000 €
Vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. Ideal para casa de turismo rural, se encuentra cerca del camino de Santiago. En la planta baja esta la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajo cubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un hórreo.

Calle Concepción Arenal, Vilalaba
Casa/Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 220 m² 150.000 €
Vivienda unifamiliar repartida en cuatro plantas. En la planta baja está el garaje, en planta primera está la cocina equipada, sala, una habitación y un baño, en planta segunda están dos dormitorios amplios y un baño. El bajocubierta se encuentra sin divisiones. Está incluido todo el mobiliario.

Calle San Roque, Vilalaba
Ático | 4 Dorm | 3 Baños | 200 m² 250.000 €
Piso de 156 m², con una terraza cubierta de unos 27 metros más. Dividido en cuatro dormitorios, tres baños, cocina, sala y terraza cubierta. Dispone de una plaza de garaje en el sótano del mismo edificio, ascensor y dos trasteros, uno junto a la plaza de garaje y otro en el bajo cubierta.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalaba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es



‘Tenrura’, de Manuel Pacheco, gaña o concurso de composicións musicais

Tenrura, da autoría de Manuel Pacheco, composta sobre o poema homónimo de Manuel María, foi a canción lírica, para voz e piano, que resultou gañadora da cuarta edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais celebrada esta tarde, cunha gala-concerto, na Casa-Museo Manuel María, en Outeiro de Rei. O autor que levou un premio de mil euros en metálico, verá a súa composición editada, xunto as obras das outras finalistas, nunha publicación que será distribuída gratuitamente por todos os conservatorios de música de Galiza para que poida ser empregado como material didáctico.

A gala-concerto contou coa presenza do barítono Gabriel Alonso e o pianista Ricardo García que interpretaron nunha primeira parte as cancións finalistas, Tenrura de Manuel Pacheco Sánchez, O meu barco de Luis Serrapio Fernández, Nas leves tardes de Outono de Yónatan Sánchez Santianes e Eu son de Outeiro de Rei de Manuel Ma-

ría Veiga Lombardía. E nunha segunda parte presentaron en concerto unha serie cancións galegas dos compositores José Baldomir, Manuel Moreno-Buendía, Juan Durán, Xavier Montsalvatge, Antón García Abril e Rosendo Mato Hermida baseadas en poemas de Curros Enríquez, Eduardo Blanco Amor, Miguel Anxo Fernán Vello, Marica Campo, Ramón Cabanillas, Álvaro de las Casas e Daniel Castella.

O gañador desta edición, Manuel Pacheco, mora en Madrid e é compositor, pianista e director de coro. O concurso contou cun salientábel e prestixioso xurado composto por Margarita Viso Soto, Alejo Amoedo Portela e Julio Cabo Messeguer, que nunha primeira fase, celebrada a primeiros do mes de xullo, escolleu, de entre todas as composicións anónimas que se presentaron a concurso, as catro pezas finalistas que se puideron escoitar no día de hoxe nun cheo auditorio da Casa-Museo Manuel María.

Outeiro de Rei convoca un ano máis o concurso de postais de Nadal

O Concello de Outeiro de Rei convoca por décimo ano o Concurso de Postais Nadal no que poderán participar rapaces e rapazas empadroados neste municipio ou que estuden no Colexio Público Laverde Ruíz.

Hai dúas categorías, unha para nenos de 1º a 3º de Educación Primaria e outra para os de 4º a 6º de Educación Primaria.

Os traballos tratarán sobre o Nadal, valorarase a imaxinación, orixinalidade, colorido e calidade da execución, con atención á idade dos ne-

nos e das nenas concursantes; terán que presentarse en formato 15X21 cm (medio folio) e poderán realizarse tanto en sentido horizontal como vertical.

Poderanse presentar ata un máximo de 2 traballos por participante. O prazo de presentación de traballos permanecerá aberto do 5 ata o 20 de novembro e poderán entregarse na Casa da Cultura ou á conserxe do colexio.

Pódese obter máis información nas bases do concurso e na Casa da Cultura (982 393 408).

O BNG acusa ao alcalde dunha “pésima” xestión económica

O Bloque Nacionalista Galego denuncia a “nefasta xestión económica” do alcalde de Outeiro de Rei, “que volve demostrar a súa falta de planificación e de responsabilidade” coa aprobación tardía dos orzamentos de 2025 —aprobados en pleno no mes de setembro— e coa presentación, apenas unhas semanas despois, dun suplemento de crédito por importe de 815.000 euros, destinada na súa maior parte a pagar gastos correntes como seguros, combustible ou limpeza.

A concelleira do BNG, Elvira Lombao considera “inaceptábel que un goberno municipal que presume de boa xestión teña que modificar as contas a estas alturas do ano para cubrir gastos previsíbeis que deberían estar incluídos no orzamento inicial”.

Para eles, un exemplo máis que claro desta mala xestión é este suplemento de crédito por valor de 815.000 euros “non podemos permitir que o alcalde siga gobernando a golpe de suplementos de crédito, sen planificar nin dar solucións reais á crise económica. Este tipo de prácticas son a mostra dunha xestión irresponsable e dunha total falta de capacidade para resolver os problemas



do Concello” explica Lombao.

A concelleira nacionalista sinala que esta situación “é a proba evidente de que o alcalde goberna a salto de mata, sen planificación nin control, improvisando cada decisión e hipotecando o funcionamento do Concello”.

“O PP de Outeiro de Rei demostra ano tras ano a súa incapacidade para xestionar con rigor os recursos públicos. Non hai proxecto de futuro nin investimento produtivo: todo se reduce a pagar facturas atrasadas e manter o día a día”, critica Elvira Lombao.

Desde o BNG lembran que a maior parte desta modificación orzamentaria non vai destinada a in-

vestimentos nin a melloras para a veciñanza, senón a cubrir gastos ordinarios que se repiten anualmente e que deberían estar previstos. “É unha mostra de descontrol e de desgobierno que prexudica directamente a toda a cidadanía”, subliña o concelleiro nacionalista.

Elvira Lombao conclúe reclamando maior transparencia, planificación e responsabilidade económica, e lembra que “un concello que aproba os seus orzamentos case a finais de ano e que necesita suplementos de crédito para pagar o básico non é un concello ben xestionado, senón un concello paralizado pola incompetencia do seu alcalde”.

Aprobada unha modificación de crédito para distintas actuacións

O punto central da última sesión plenaria foi unha modificación de créditos, que o equipo de goberno presentou empregando parte do superávit do exercicio anterior. A proposta incluíu unha amortización de 120.000 euros —máis do 100% do previsto—, unha achega municipal de 150.000 euros para as obras xa executadas da piscina municipal e o centro BTT, e outra de 150.000 euros adicionais para o proxecto do Centro de Día, incluído nos orzamentos de 2025 cun total de 600.000 euros.

Tamén se aprobaron achegas de 30.000 euros para a adquisición de terreos destinados á construción da futura depuradora e de 10.000 euros para terreos en San Lourenzo de Aguiar. Ademais, consignáronse 350.000 euros en gasto corrente para cubrir facturas pendentes ao final de exercicio. Esta modificación permite cumprir as previsións orzamentarias de 2025 e afrontar servizos de gran importancia, como o Centro de Día e a depuradora, ademais de consolidar a boa saú-

de financeira do Concello grazas á amortización de débeda. O expediente foi aprobado por 8 votos a favor e 4 en contra.

O pleno rexeitou dúas mocións da oposición. A primeira, presentada polo PSOE, propoñía que o Concello se adherise ao programa autonómico Xantar na Casa, que ofrece menús equilibrados e seguimento social a persoas maiores ou en situación de dependencia. A voceira socialista, María del Carmen Acacio López, defendeu que este servizo “permite ás persoas vivir nos seus fogares con autonomía e seguridade” e lembrou que funciona con éxito en máis de douscentos concellos galegos.

O alcalde e o grupo de goberno do PP votaron en contra, argumentando que “non existe demanda” para este tipo de programas e que o Concello xa conta cun Servizo de Axuda no Fogar (SAF) “moi potente e case ilimitado”, ademais dun servizo de respiro familiar cun investimento de arredor de 50.000 euros.

O grupo socialista aproveitou o pleno para presentar varios rogos

orientados a mellorar a transparencia institucional e a modernización administrativa. Entre eles, que o Concello publike na súa web todos os acordos plenarios e que se substitúa o pago en metálico nas actividades culturais por un sistema telemático.

O BNG, pola súa banda, levou unha moción para que o goberno local inclúa diversas iniciativas nos orzamentos de 2026, entre elas melloras no mobiliario urbano, nos parques infantís, nas estradas e pontes, un plan de eficiencia enerxética e un plan de rehabilitación de vivendas. O equipo de goberno respondeu que moitas desas actuacións xa se están desenvolvendo e que o plan de eficiencia enerxética leva implantado dez anos, cun aforro de ata 10.000 euros anuais.

Os populares destacaron que Outeiro de Rei “é un dos concellos con maior crecemento da provincia de Lugo, o que demostra unha planificación orzamentaria eficaz”. Esta moción tamén foi rexeitada por 8 votos en contra e 4 a favor.



Deseñan no CEIP Virxe do Corpiño unha unidade didáctica sobre o Belén

Profesorado do CEIP Virxe do Corpiño elaborou unha unidade didáctica sobre o Belén de Begonte, que porán a disposición de todos os centros educativos interesados. O obxectivo é que sirva de pauta para achegarlle ao alumnado información sobre o histórico nacemento, referente do Nadal en Galicia e recoñecido como Festa de Interese Turístico autonómico.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, participou hoxe na presentación desta nova ferramenta didáctica xunto co alcalde de Begonte, José Ulla; o presidente do Belén, Xulio Xiz; e o director do colexio, Eliseo Real, entre outras persoas.

Destacaron o exhaustivo traballo realizado polos docentes do CEIP begontés, que deu como resultado un instrumento atractivo e útil para contribuír ao coñecemento e difusión do Belén, ademais de servir como punto de partida das accións para intentar que sexa declarado de Interese Turístico Nacional.

A unidade está editada en galego

e castelán para que sexa utilizable dentro e fóra da Comunidade e será facilitada gratuitamente aos centros interesados. Tamén estará dispoñible na páxina web do Belén, para incrementar a súa difusión.

Arias felicitou aos autores da iniciativa e destacou en especial “que se poña o foco en divulgar a importancia desta manifestación cultural entre a xente nova, xa que isto contribuirá a mantela viva”.

Así mesmo, o Centro Cultural José Domínguez Guizán, impulsor do Belén, quere dar especial acollida ao alumnado do CEIP de Begonte no certame audiovisual que convoca anualmente co gallo do Nadal.

Para facilitar a súa participación, o colexio e os organizadores do Belén desenvolverán un curso de formación audiovisual, que impartirá a fotógrafa Begoña Pérez durante tres venres do mes de novembro, cunha duración de entre 90 e 120 minutos cada xornada. Están seleccionados xa os doce alumnos e alumnas participantes, todos eles voluntarios.



O Cercud pon en valor o patrimonio coa apertura do Muíño do Pan

O soño de recuperar o histórico Muíño do Pan de Baamonde fíxose realidade este sábado da man do Cercud e coa implicación de numerosas entidades e veciños. O vello muíño de Cageao, que levaba máis de corenta anos pechado, volve agora á vida convertido nun centro de interpretación que forma parte da Rede Museística de Galicia e que permitirá coñecer de preto a tradición muíñeira e a relación da veciñanza co río Parga e coa natureza que o rodea.

A xornada inaugural reuniu numeroso público e contou coa participación de moitos dos impulsores do proxecto, e o actual presidente da entidade, Moncho Parapar, quen salientou o “enorme esforzo físico e emocional” que supuxo devolver a este espazo a súa antiga vida. “Non só recuperamos unha infraestrutura, senón unha parte da nosa memoria colectiva, do traballo e da cultura do pan e do río”, subliñou Parapar, visiblemente emocionado.

A restauración do muíño foi posible grazas á colaboración de múltiples

mans: desde a Deputación de Lugo e o GDR Terra Chá, que participaron na recuperación da cuberta e das paredes, ata a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio e da Reserva da Biosfera Terras do Miño, que apoiaron a restauración e a creación do documental A memoria viva do Muíño do Pan de Baamonde.

O xefe territorial de Cultura, Manuel Antonio Fernández Piñeiro, destacou durante o acto que o proxecto é “un exemplo práctico de como se pode conservar o patrimonio e revitalizar o rural ao mesmo tempo”, e puxo en valor o papel das comunidades locais na defensa da súa identidade.

Tamén participou Purificación Martul, directora do Terras do Miño, quen incidiu na importancia de cumprir coas expectativas da Reserva da Biosfera:

A apertura culminou cunha homenaxe a Antonio Ares, antigo muíñeiro e neto do fundador do muíño, representado por unha figura a tamaño real instalada no interior.

EN BREVE

RECOLLIDA DE ENSERES. O Concello procederá á recollida de enseres domésticos o día 12. Esta realizárase de forma domiciliar, iniciándose ás 6.00 horas da mañá e os enseres deberán estar depositados en lugares accesibles para a súa carga con camión pluma. Todas aquelas persoas interesadas deberán chamar previamente ao teléfono do Concello 982 39 61 43.

MAGOSTO. O magosto popular celebrarase o sábado día 8 de novembro a partir das 21.30 horas no Pavillón Municipal de Begonte (CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño). Os asistentes poderán desfrutar dunha cea con empanada, tortilla, xamón cocido, liscos, torta de millo, castañas e viño. Ademais, a noite estará amenizada musicalmente. O prezo das entradas será de 6 euros para os veciños de Begonte e de 12 para o resto.

FOLIADA. O sábado 15 será a Foliada de Outono de Castiñeiro Milenario no centro sociocultural de Begonte. Comezará ás 20.00 cuns petiscos e a partir das nove da noite empezará a foliada con catro grupos. Abrirán a sesión os grupos residentes, as cantareiras de Foliadeir@s do Castro e o grupo de gaitas de Treitoira. Despois chega desde Cospeito grupo de Beteluma Cantareiras e para rematar o pontés No Cómbaro. Despois haberá foliada aberta.

MERCADO DE NADAL. Xa se está a preparar por quinto ano consecutivo o mercado de nadal que se celebrará os días 20 e 21 de decembro na praza Irmáns Souto Montenegro. Está aberta, ata o 5 de decembro, a quenda para que os interesados en participar como vendedores poden solicitar o seu posto nas oficinas do Concello.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

xermade

Continúa o ciclo de charlas sobre a compostaxe

Xermade puxo en marcha un ciclo de charlas sobre compostaxe co obxectivo de fomentar o aproveitamento responsable dos residuos orgánicos e promover prácticas sostibles entre a veciñanza. As sesións, que se celebran en distintos puntos do municipio, inclúen tamén a entrega de composteiros ás persoas que o soliciten previamente.

O ciclo continuará este sábado, 8 de novembro, na Escola Habanera de Roupar e rematará o 15 de novembro na Escola de Cazás-O Calvario. En todas as sesións, o persoal técnico explicará o funcionamento do proceso de compostaxe, resolverá dúbidas e ofrecerá consellos prácticos para un uso correcto dos composteiros. As persoas interesadas deberán inscribirse previamente chamando ao número 982 501 001.

A Invernada de Cine de Cabreiros seguirá ata decembro

Cabreiros e Xermade volven acoller unha nova edición da Invernada de Cine, que chega este ano á súa décimo terceira edición e desenvólvese entre ata decembro.

O sábado 8 será a quenda de *Prefiro condenarme*, de Margarita Ledo Andión, dentro do ciclo De cine e mulleres de fala 2025. O 22 proxectarase *Proxecto Xorima*, coa intervención da directora Alba Sofía, o escritor Paulo Naseiro, o membro e creador Xosé Ramón Vázquez Carreira e Marisa Barreiro, presidenta do Ilesha. Decembro incluírá dúas citas: o 13 presentarase *A morte nas fragas e os fíos da memoria*, unha novela gráfica e documental sobre a resistencia e a memoria na Galicia rural entre 1936 e finais da década de 1950, coa participación de Anxos García Fonte, Carlos Sardiña, Henrique Sanfíz e Pablo Santiago. A programación pecharase o 20 de decembro coa proposta familiar *Os Jalochos*.

Continúa aberta a nova convocatoria do premio Xermade na Historia

Un ano máis, o Concello convocou o Premio de Investigación Xermade na Historia, a XII edición, que organizan conxuntamente o Concello, a asociación de veciños de Cabreiros e a Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, co patrocinio da Deputación de Lugo e que na última edición quedou deserto.

Xa está aberto o prazo para presentar os traballos e este manterase ata o 20 de febreiro de 2026. Así mesmo, mantense un premio de 2.000 euros para o primeiro e un segundo galardón dotado con 1.000 euros. Os interesados en participar poderán facelo tanto de xeito individual como colectivo e con cantos traballos queiran presentar, sempre que estes versen sobre temas relacionados co patrimonio etnográfico e cultural de Xermade: tradicións, ritos, festas, arte popular, memoria histórica, costu-

mes, arquitectura, etc.

A organización establece tamén unha extensión mínima de 50 folios e un máximo de 400 e deberán estar escritos en galego.

As investigacións deben remitirse por correo ao rexistro municipal e presentarse en impresos tamaño folio e cunha copia dixitalizada en CD ou USB. Irán acompañadas dun sobre pechado cos datos persoais do autor ou autores, así coma o seu currículo vitae, e do modelo de presentación que pode atoparse na web municipal, www.xermade.org, debidamente cuberto.

A organización resérvase o dereito de editar as obras gañadoras nos 5 anos seguintes.

O xurado estará composto polo alcalde do Concello e catro vogais: o presidente da Asociación de Veciños de Cabreiros e tres especialistas en materias relacionadas co patrimonio etnográfico e cultural.

Convocado un curso sobre aproveitamento da resina para mulleres

A Escola Habanera do Concello de Guitiriz acollerá unha formación práctica para mulleres sobre o aproveitamento da resina, organizada por Proyecto Cares. Leva por título Castaña y resina como aprovechamiento multifuncional para impulsar la gestión forestal activa y el desarrollo rural en el noroeste peninsular.

Está programada para os días 21 e 22 de novembro, de 10:00 a 14:00 horas, e ten como obxectivo impulsar modelos de xestión conxunta dos aproveitamentos de resina e castaña, xerando así novos postos de traballo de calidade e de longa duración vencellados ao sector primario.

A formación, de carácter gratuíto e exclusiva para mulleres, está orientada a aquelas interesadas na extracción de resina de piñeiro e na cosmética natural como posibles

actividades profesionais ou complementarias o seu labor actual.

Durante as dúas xornadas, as participantes recibirán tanto contidos teóricos como prácticos. O primeiro día centrarase nos métodos de extracción da resina, así como nos canais de venda e comercialización, mentres que a segunda sesión estará dedicada á elaboración de xabóns artesáns a partir da resina, poñendo en valor este recurso natural.

As inscricións permanecerán abertas ata o 18 de novembro e poderán formalizarse a través do formulario en liña dispoñible na páxina web do proxecto (<https://caresgestionforestal.com>).

Para máis información, pódese chamar ao 680 20 83 20 ou escribir ao correo electrónico proyectocares@gmail.com.

Aberto o prazo para as actividades da calma

Xa está aberto o prazo de inscrición na actividade Mentos en Calma, unha proposta destinada a traballar aspectos como a autoestima, a relaxación, a calma, a meditación e o autoconhecimento.

As inscricións estarán abertas ata o 10 de novembro ou ata completar o aforo, sendo necesario un mínimo de 10 participantes para a actividade. As persoas interesadas poderán anotarse de xeito presencial no Concello ou a través da Sede Electrónica, cubrindo a solicitude dispoñible na páxina web municipal.

Esta actividade, que xa se desenvol-

veu con éxito en anos anteriores, contará con dúas sesións ao mes, que terán lugar os martes a partir das 18:30 horas, cunha duración de unha hora e cuarto cada sesión. As sesións darán comezo o 18 de novembro e prolongaranse ata o 14 de abril, celebrándose na Casa Barxa.

Con esta proposta busca ofrecer ferramentas para xestionar a ansiedade e a frustración, fomentar a calma interior e mellorar o autoconcepto e a autoestima, empregando metodoloxías baseadas no mindfulness, a creatividade, a meditación e o autoconhecimento.

PREMIO Á DOCENCIA



Na XVI edición dos premios á introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación, nos que colabora o Concello de Santiago de Compostela, recolleron os seus galardóns. O primeiro na modalidade de docencia gañouno Silvia López Gómez, Pablo Gayo Pérez e o xermadés Jesús Rodríguez Rodríguez por *Educar con mirada de xénero: materiais didácticos que ensinan e transforman*.

MUÍÑO DA RUXIDA



O Muíño da Ruxida foi a imaxe que protagonizou o boleto do sorteo da Lotería Nacional do xoves 23 de outubro como enclave representativo da Reserva da Biosfera Terras do Miño



Rematan varios traballos do Plan Deputación e anuncian melloras

O Concello de Guitiriz vén de finalizar diferentes actuacións incluídas dentro do Plan Deputación 2025. Estes traballos consistiron no acondicionamento de accesos e vías en varios puntos do municipio, contando cun orzamento total de 87.763,04 euros, financiado integramente pola Deputación de Lugo.

En concreto, realizouse o acondicionamento dos accesos a Samesode (San Salvador) e á rúa San Xosé (Parga), cun investimento de 30.832,49 euros; o acondicionamento do acceso nos Candedos (As Negradas), cun orzamento de 13.859,29 euros; e o acondicionamento da vía de Fontecribo a Rego Pequeno e os accesos a Abeleira e San Cibrao, cun investimento de 43.071,26 euros. Estas intervencións permitiron mellorar o estado do firme e a seguridade viaria, ademais de facilitar o acceso ás distintas zonas rurais do concello.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, quixo agradecer a colaboración da Deputación de Lugo, ao tempo que subliñou a importancia deste tipo de investimentos para seguir avanzando na mellora das comunicacións e dos servizos muni-



cipais: “Estamos a traballar para que todos os veciños e veciñas, tanto do centro urbano como das parroquias, contén con infraestruturas de calidade. Estes proxectos son un paso máis para facer de Guitiriz un concello máis accesible e mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza”.

Ademais destas actuacións, xa rematadas, dentro do Plan Deputación 2025 o Concello de Guitiriz contempla novas intervencións que se executarán nos próximos meses.

Entre elas, atópase a renovación do vestiario da nave municipal situada no Parque Empresarial, unha obra que conta cun investimento

de 36.101,85 euros e que xa se está levando a cabo. Por outra banda, tamén se realizará o acondicionamento da finca e da zona de lavado de camiós no Parque Empresarial de Guitiriz, cun orzamento total de 93.891,68 euros (dos cales 74.653,88 euros proceden da Deputación de Lugo e 19.237,80 euros de fondos propios). Xa para rematar, traballárase no acondicionamento da vía de Embande a Revolta, na parroquia de Pígaro, cun orzamento de 83.497,95 euros.

En total, estas tres próximas intervencións contarán cun investimento conxunto de 213.491,48 euros.

O PSOE aproba a nova taxa do lixo en solitario

O pleno extraordinario aprobou, só cos votos favorables do PSOE, a actualización da ordenanza fiscal que regula a taxa pola recollida de lixo. O servizo, segundo o goberno, ten un custo que supera os 400.000 euros anuais, o que fai necesario axustar as tarifas ás novas condicións e ás esixencias legais.

A oposición, formada por PP e BNG, amosou o seu desacordo coa medida. O PP votou en contra e o BNG abstívose, aínda que ambos grupos coincidiron en criticar o que cualificaron como unha “suba repentina” das tarifas, que —na súa opinión— debería terse aplicado “de maneira progresiva”.

O voceiro popular, José Manuel López Rodríguez, asegurou que “na maioría dos apartados a suba ronda o 100%, e nalgúns casos mesmo chega ao 400%”, o que considera que non invita a “abrir negocios ou manter os que xa existen”.

Pola súa parte, a concelleira do BNG, Mónica Roca, lembrou que a suba “coincide coa actualización da lei, que hai que cumprir, e co aumento do canon de Sogama”, pero advertiu de que “os veciños

van ter que asumir un incremento moi importante sen que se perciba ningunha mellora no servizo”.

Segundo o baremo, unha vivenda urbana pasará de pagar 52,40 euros ao ano a 105 euros, mentres que unha rural abonará 79 euros. Os restaurantes, casas de comidas, cafeterías e bares pagarán o dobre (de 150 a 300 euros), os supermercados pasarán de 174,40 a 697,60, os despachos profesionais de 50 a 200, e as entidades financeiras de 112,40 a 337,20 euros anuais.

Marisol Morandeira, defendeu a necesidade da medida e lembrou que se abre agora un prazo dun mes para presentar alegacións. “Estudárase cada unha delas e incorporáranse aquelas que axuden a mellorar o servizo”, afirmou.

“Non é un taxazo é responsabilidade”, matizou Morandeira, lembrando que a taxa levan conxelada desde o 2012 e co aumento do recibo de Sogama “é necesario actualizar as taxas: para cubrir o custo real do servizo e garantir que Guitiriz siga tendo unha recollida do lixo de calidade, tanto na zona urbana como no rural”.

O dúo cómico Sobria e Serena actuará polo 25N

O Concello de Guitiriz contará cunha actuación moi especial con motivo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

O dúo cómico Sobria e Serena achegarase á Escola Habanera para presentar o seu espectáculo *El chou*, unha proposta cargada de humor, reflexión e perspectiva de igualdade.

A actuación celebrarase o martes ás 19:30 horas, e a entrada será

de balde ata completar aforo.

Sobria e Serena son os nomes artísticos das actrices e cómicas viguesas Arantxa Reus e Jazmín Abuín, que con *El chou* ofrecen un espectáculo innovador e divertido no que convidan ao público a acompañalas nun percorrido pola súa vida e pola súa particular visión do mundo. A risa convértese na protagonista principal, sempre dende un enfoque comprometido coa igualdade.



Esta proposta forma parte do programa polo 25N do Concello de Guitiriz.

O IES, seleccionado para a V Liga Maker Drone

Os centros IES Poeta Díaz Castro, de Guitiriz; IES Francisco Daviña Rey, de Monforte de Lemos; e o CPI Castroverde, foron seleccionados para participar na V Liga Maker Drone, unha competición tecnolóxico-educativa impulsada pola Fundación Barrié e ITG que congrega a centros educativos de toda Galicia co obxectivo de fomentar as vocacións STEM entre alumnos de 2º de ESO.

O IES Poeta Díaz Castro, de Guitiriz,

que a edición pasada recibiu o premio á mellor presentación, tentará repetir o éxito nesta edición.

Os preto de 180 alumnos e alumnas que foron seleccionados para participar na V Edición da liga Maker Drone coñecerán o próximo 30 de outubro nunha xornada formativa na Coruña o reto exposto polos promotores desta iniciativa e que poñerá a proba a creatividade, enxeño e capacidade dos participantes para traballar en equipo.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA

RACIONES

REVUELTOS
FRESAS DE VERDAD
ENSALADAS

ATA

HAMBURGUESAS
PASTAS
ALCO

COMPARTIR TAPAS

NUESTRA CARTA
ALCO
PICAR
SABOREAR
TORTILLAS

RAXO
PATATAS
NUESTROS DELICIOSOS

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

MURAS: Manuel Requeijo Arnejo

“A calidade de vida dos veciños é o que nos move no día a día”



O líder local do BNG chegou á Alcaldía do concello menos poboado da Chaira logo dunha prolongada maioría do PP. Gobernou dúas lexislaturas en coalición e agora faino en solitario



DATOS

HABITANTES: 600.

PARROQUIAS: 19.

EXTENSIÓN: 164 km cadrados.

PARTIDO XUDICIAL: Vilalba.

CORPORACIÓN: 3 do BNG, 2 do PP, 1 do PSOE, e 1 non adscrito.

ALCALDE: Manuel Requeijo Arnejo, do BNG.

PP: M^a Eugenia Requeijo Chao.

PSOE: M^a Jennifer Gómez Galego.

NON ADSCRITO: Julio Díaz Díaz.

EN CLAVE PERSOAL

• **Idade, estado civil e familiar**

51 anos, casado e moi familiar

• **Profesión e formación**

Licenciado en Historia, traballador no Terceiro Sector en excedencia

• **Se puidera escoller, que lle gustaría ser?**

Veño dunha familia de gandeiros e gandeiras, o campo gústame

• **Que quería ser de maior**

Moitísimas cousas, desenvolvín moitos traballos, na granxa, peón, mozo de almacén, camareiro, montador de cociñas, etc...

• **Que fai para desconectar?**

Estar na explotación gandeira, facer deporte ou estar coa familia

• **Unha virtude e un defecto**

Creo na Xustiza social, son humanista con bo corazón. E coma defectos, empecinado

• **Un consello para compartir**

Fai ben e non mires a quen

• **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**

‘Requiem por un campesino español’ marcóume. Película quédome con calquera de Woody Allen e gústame todo tipo de música

• **Unha afección**

Facer deporte, o fútbol, andar en bicicleta ou correr

• **Un lugar que visitar**

Muras é o Concello por descubrir, o Xistral ten un valor único, fóra de aquí gustoume Croacia

• **Unha comida e unha bebida**

Gústame comer e probar de todo, pero o caldo é dos meus preferidos e para beber auga

• **Unha personaxe admirada**

Miña nai, exemplo de como hai que afrontar a vida e de superación

• **Unha posesión apreciada**

Non teño posesións apreciadas, son humilde nese sentido

• **Un desexo**

Que acaben as guerras, que traen moita dor a quen as sofre

• **Algo para esquecer**

O falecemento de seres queridos, meu pai, meu irmán

• **Que é o que máis valora nunha persoa?**

A nobreza

• **Un desafío pendente.**

Teño unha viaxe pendente con meu irmán en bicicleta, este ano foi dende o Pico Verde ata Nantes en 17 días. (1500 kms), gústalle os retos e a min tamén

• **Onde se ve en cinco anos?**

5 anos son moito tempo trato de vivilo día a día

Como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido?

Sempre me gustou participar dos asuntos públicos, traballar polo ben común coido que influenciado polos meus pais que tiveron que emigrar a Londres e esas experiencias marcounos e con eles aos fillos. Lembro que estando na gardería en Muras que puxo en marcha o cura Don Modesto agasaloume cun libro en galego, líamo miña nai e falábanos do pasado escuro que acabábase de vivir (a ditadura) logo xa no instituto empecei a ter inxerencias políticas que se acentuaron na Universidade ao adquirir as ferramentas para coñecer a Historia, e ata agora.

Como deu o salto e recibiu o impulso para ser alcalde?

Estando traballando fóra de Muras ves que podes intentar cambiar as cousas que acontecen no teu concello, mellorar a calidade de vida dos veciños, axudar a resolver problemas da xente... presenteime encabezando as listas do BNG no ano 2011 sendo elixido concelleiro por un voto, no ano 2015 obtivemos 3 concelleiros e conseguimos a Alcaldía, no 2019, 3 tamén sendo a lista máis votada e no 2023 volvemos ser a lista máis votada acadando 3 concelleiros, son Alcalde dende o ano 2015.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno?

Tes sacrificios sobre todo persoais deixas de facer cousas que che gustarían, quitándolle tempo á familia á xente que está preto de ti pero tamén é gratificante ao ver os proxectos que saen adiante e podes poñer pequenos graños que axudan ás persoas.

E beneficios?

O equipo de goberno de Muras e eu coma alcalde temos por obxectivo mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, e este logro colectivo é o que nos move no día a día.

Como equilibra a vida pública e a privada?

É complicado, a Alcaldía absorbe tempo, es alcalde as 24 horas.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Vivo o presente e trato de ir solucionando as dificultades que xorden no día a día que nun Concello coma o noso son moitas.

E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

Os veciños e veciñas decidirán no futuro se queren que continúe coma Alcalde. O Polígono da Cabana que a Xunta ten bloqueado é básico para o futuro do Concello xa que temos demanda de solo industrial por parte de empresas xa instaladas aquí con proposta de creación de postos de traballo e que teñen limitado o seu crecemento polas trabas burocráticas dunha administración que nin está

nin se lle espera, estou a referirme á Xunta. E coido que a repotenciación dos parques eólicos suporá un antes e un despois, xa que as repotenciacións levan aparelado unha merma nos ingresos económicos a través do Canon Eólico que xestiona a Xunta de Galicia. A postura deste alcalde e do BNG é clara, a instalación dos parques ten que redundar de maneira directa nos lugares onde se instalen, o pago da factura da luz, ingresos directos ás administracións onde se instalen son cuestións que deberían ser inherentes a estes proxectos. As posturas do PP e do PSOE non as coñecemos e xa levamos 30 anos con parques eólicos.

“Os parques eólicos teñen que redundar de maneira directa nos lugares onde están”

Cales son as principais liñas do seu programa?

Partindo de que estamos a falar dun concello onde o 60 % da poboación supera os 65 anos, a educación de calidade no rural e en igualdade de condicións que nas zonas urbanas, a saúde e os servizos sociais son os eixos arredor dos que xiran as principais liñas do noso programa. O sector primario coa creación da Marca Muras (con medidas coma os cargadoiros para axudar aos criadores de gando equino), as axudas para o pago da luz a particulares e pemes son medidas de referencia e únicas ata onde sei.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

Os concellos rurais están infrafinanciados e levan o peso das diferentes liñas de atención aos cidadáns. Véxase o caso dos servizos sociais, que están infrafinanciados cun custo hora de 26 euros e polo cal a Xunta nós da 12 euros, a educación onde as obras

maiores e menores de mellora do colexio as tivo que asumir o Concello, o sector primario... as políticas clientelares da Xunta non axudan a que esta tendencia cambie, e máis cando dos 2.200.000 euros que se recadan en Muras do canon eólico só nos dan 500.000, a diferenza vai en convenios para concellos onde goberna o PP.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Coido que hai moitos dos cales sentirme orgulloso, hoxe en día a Marca Muras vai asociada a unha serie de feitos en positivo que fai anos era impensable, as axudas para o pago da factura da luz marcan un antes e un despois, a devolución dos montes da Gañidoira e Fragas de Ximarás, os investimentos en educación e saúde, a posta en marcha da Romaxe Artesá da Chaira, da Feira do Mel de Montaña, do Trail das Bestas, a Declaración da Feira do Poldro como Feira de Interese Turístico Galego,... son innumerables os logros acadados e que establecen as bases do Muras do futuro.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Un veciño máis que sempre se preocupou polos problemas da xente e buscar solucións aos mesmos.

Como é a súa relación coa oposición?

É difícil manter unha relación con aquelas persoas que se dedican ao insulto e a mentira e que non teñen a capacidade de por enriba da mesa propostas construtivas para o conxunto dos veciños e veciñas, só están a pensar no seu beneficio persoal e vexo que é unha pena que habendo en Muras persoas válidas para representar ao conxunto dos veciños teñamos esta oposición para dedicarse a destruír. Que podemos esperar da portavoz do PSOE que sendo presidenta da ANPA facía pagos á súa empresa con cartos da conta da asociación ou que podemos esperar do PP que boicotea a Marca Muras acudindo a Abadín onde goberna o PP para por en marcha medidas coma as nosas (os cargadoiros).

Muras prepara a décima edición da Feira do Mel de Montaña

O concello de Muras acollerá o vindeiro 16 de novembro unha nova edición da Feira do Mel, a que será décima. Para esta ocasión, o Concello deseña o seu programa de actos que se presentará en breve. O cartel foi elaborado por un rapaz veciño de concello, Cristian Prieto.

O que si xa abriu foi o prazo de inscrición para a Cata de Mel, un evento que destaca a calidade dos meles da zona e fomenta a tradición apícola local. A cata está aberta a apicultores con explotacións no concello de Muras, e establece un límite de 15 mostras, que serán admitidas por orde de entrega na Casa do Mel de Goente-As Pontes antes do 1 de novembro.

A Casa do Mel será a encargada de etiquetar cada bote cun número, que será vinculado a un sobre pe-



chado cos datos do produtor. Estes sobres permanecerán gardados ata o anuncio do mel gañador, asegurando así a imparcialidade do proceso. Nesta edición, entregaranse tres galardóns: dous para os mellores meles de montaña e un terceiro para o mellor mel monofloral de breixo, que deberá contar cun mínimo do

45 % de pole de breixo para ser considerado nesta categoría.

A Casa do Mel levará a cabo análises detalladas das mostras, avaliando factores como cor, humidade, conductividade, HMF e predominancia de pole. Ademais, valorarase a limpeza e o proceso de decantación dos meles presentados.

O SLG e Petón do Lobo celebran a paralización definitiva da mina

O Sindicato Labrego Galego (SLG) e a Asociación Petón do Lobo celebran a resolución xudicial que pon fin de maneira definitiva ao proxecto mineiro de San Acisclo, promovido pola empresa Materiales Cerámicos Materias Primas SL no municipio de Muras. A Administración de Xustiza de Madrid non admitiu o recurso de casación presentado pola Xunta de Galicia e pola empresa promotora, confirmando así a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que, en 2024, anulara a concesión outorgada pola Xunta.

As organizacións ecoloxistas e agrarias destacan que esta decisión "supón unha vitoria da veciñanza e dos colectivos que loitaron durante anos para frear un proxecto cheo de irregularidades e con graves impactos ambientais". Margarida Prieto Ledo, coordinadora da loita contra o acaparamento de terras, asegurou que "a paralización é firme" e lembrou que o proxecto vulneraba directivas europeas de conservación de hábitats e da auga, ademais de situarse en plena Reserva da Biosfera.

O SLG e Petón do Lobo denuncian

que, desde o inicio, a Administración galega "actuou de parte da empresa, ignorando informes técnicos e sociais", e felicitan á veciñanza e ao Concello pola defensa do territorio. A loita contra a mina comezou en 2020, cando o SLG pediu información sobre a concesión e advertiu das súas deficiencias. Posteriormente, distintos colectivos ecoloxistas, a Deputación de Lugo e mesmo o Comité Español do Programa MaB da UNESCO cuestionaron a falta de avaliación ambiental e a afección a espazos protexidos.

Habilitarán de novo en novembro un cargadoiro para a venda de poldros

O Concello, en colaboración coa Asociación de Criadores de Gando Equino ACGEMA, habilitará de novo un cargadoiro no recinto da Feira do Poldro na Gañidoira o 22 de novembro, en horario de mañá sempre que se levante a prohibición de Medio Rural. Esta iniciativa enmárcase dentro do programa municipal da Marca Muras e permitirá aos veciños interesados vender os seus poldros para recría a esta asociación.

Desde a organización lémbrese que todos os animais deberán estar

identificados e contar coa documentación regulamentaria correspondente. Para calquera dúbida ou para evitar problemas de loxística, os interesados poden contactar co teléfono 629 678 033.

Nas primeiras experiencias, que tiveron lugar en marzo e abril, preto de cen poldros foron cargados e enviados a Navarra nunha iniciativa pioneira no termo municipal. Participaron gandeiros non só de Muras, senón tamén doutras zonas como próximas.

A Deputación colaborará no aniversario de Atila

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou un convenio de colaboración coa Asociación Atila por un importe de case 30.000 euros para colaborar coa conmemoración do 25 aniversario desta entidade.

No evento inclúese unha ruta a caballo na zona do Xistral, unha homenaxe aos socios e directivos da entidade, un xantar, actuacións musicais e un campamento hípico de Nadal para nenos, entre outras propostas. García Porto resaltou que "colaborar co tecido asociativo é fundamental para o desenvolvemento social e cultural da provincia. A través de investimentos coma este fomentamos a socialización e dinamizamos o rural".

CURSOS. A asociación Atila, Amigos dos Cabalos de Muras lembra o des-

envolvemento do curso de aplicacións básicas de Internet, unha proposta formativa subvencionada pola Deputación de Lugo.

Este mes rematará a formación titulada Teléfono móbil: primeiros pasos e a continuación comezará o segundo curso, centrado en Firma dixital, certificados e aplicacións do Sergas, Facenda e sede electrónica, que terá lugar os venres, dende o 5 de decembro ata o 13 de febreiro, no mesmo horario.

As dúas accións formativas estanse impartindo no Local Social de Muras. As persoas interesadas poden inscribirse poñéndose en contacto coa directiva da asociación a través do correo electrónico atilamuras@gmail.com ou chamando ao teléfono 667 609 990.

X FEIRA DO MEL DE MONTAÑA

16 novembro
VIVEIRO
MURAS

Debuxo realizado por: Cristian Prieto Gómez

EN BREVE



COMERCIO. José Ramón Vázquez Río, veciño do concello de Rábade gañador do concurso Volta ao Cole , tivo que gastar o bono 2.500 euros nunha única xornada de compras.



APROL DO RURAL. O Concello vén de acometer, con cargo ao Programa Aprot Rural 2025 da Xunta de Galicia, os traballos de recuperación do tramo do Camiño Real a Ferrol, unha antiga vía de comunicación que permanecía intransitable desde hai anos debido ao deterioro e á falta de mantemento.

Adif ultima as obras da pasarela para suprimir o paso a nivel

Adif está a rematar os traballos de construción da nova pasarela peonil en Rábade na liña ferroviaria de ancho convencional León-A Coruña. O obxectivo desta obra é mellorar a accesibilidade peonil e as condicións de seguridade no ámbito urbano.

A nova plataforma elevada instaloulse a 80 m da anterior, que foi demolida, e conecta a rúa Campo da Feira e a Praza de España coa estación de Adif de Rábade. A pasarela ten unha estrutura metálica, accesible mediante ascensor e escaleiras, e unha lonxitude de 27,6 m. Ademais, dotarase á zona dunha nova iluminación.

O proxecto presentado implicaba que coa supresión do paso a nivel da rúa Xeral Arce, o tráfico de vehículos e peóns se realice polo paso a nivel da Avenida de Vilalba. Así mesmo, implicaba a construción dunha rotonda no lado Sur da vía para facilitar o cambio de sentido de vehículos. Estaba previsto tamén



que no lado norte, ademais, se realicen obras de acondicionamento do contorna -urbanización da zona, solados e muro de pedra-, na zona de acceso ao cemiterio de Rábade.

A actuación -licitada por máis de 717.000 euros- complétase coa instalación dun cerramento metálico e traballos para dar continuidade ás

cunetas lonxitudinais de ambas as marxes da vía.

A clausura do paso a nivel implica o desmantelamento de todos os seus elementos, a demolición de firme e a restitución da aliñación da liña ferroviaria, o desmonte da sinalización do paso a nivel e a disposición de barreiras de contención en ambas as marxes do paso.

pol

Leña Verde celebra o sábado día 15 unha nova edición do magosto



O colectivo Leña Verde de Pol convida a veciños e visitantes a desfrutar do Magosto que terá lugar o próximo 15 de novembro no caseto do polbo da Carballeira de Mosteiro. Esta tradicional festa promete unha combinación de boa gastronomía e entretemento para todas as idades.

A partir das 20:00 horas, os asistentes poderán degustar callos e castañas, acompañados de viño, cer-

vexa ou refrescos. A cita continúa ás 22:00 horas cunha actuación humorística a cargo de Xan Veiga. Rematará a sesión cunha foliada aberta, na que poden participar os que queiran.

A celebración está organizada pola asociación cultural Leña Verde e conta coa colaboración da Deputación de Lugo, o Concello de Pol e outras entidades como Casa Quiroga HortoFrutícola.



A veciñanza, molesta pola falta de roza en rúas e camiños rurais

A situación do mantemento das vías públicas de Rábade volve xerar malestar entre a veciñanza, que denuncia o estado de abandono e a falta de desbroce en diferentes rúas e camiños do municipio. Segundo sinalan varios residentes, “hai moita foto e moita publicidade, pero as vías públicas seguen sen desbrozar”, apuntando tamén que o equipo de goberno parece “máis ocupado nas súas liortas internas que en atender as necesidades básicas do pobo”. Dende hai semanas, os grupos da oposición no Concello de Rábade

veñen reclamando de maneira reiterada que se acometan estas tarefas de mantemento, especialmente nas zonas máis afectadas pola maleza e a falta de limpeza. Algunhas destas peticións foron debatidas nos plenos, “sen que ata o momento se teñan concretado actuacións efectivas”. A chegada do outono e as choivas incrementan o risco de deterioro das beirarrúas e estradas, polo que os veciños demandan unha resposta urxente e unha planificación adecuada para evitar que a situación se agrave.

Entregada a auditoría do plan para minimizar perdas de auga

O Goberno local vén de facerlle entrega a Augas de Galicia da Auditoría de abastecemento e Plan de actuación para minimizar as perdas de auga da localidade. O documento, financiado integramente pola Xunta, é a folia de ruta do Concello de Rábade para levar a cabo as melloras necesarias para optimización do servizo de subministro de auga municipal.

ábade abastécese a partir dunha captación existente en Outeiro de Rei, procedente do río Ladra e é neste municipio no que leva a cabo o seu tratamento. En canto aos contadores de auga, a maioría dos existentes teñen unha antigüidade superior aos 20 anos, polo que sería convinte a súa actualización.

O Plan de actuacións propón levar a cabo oito medidas concretas nos vindeiros catro anos. Entre elas figura a instalación de contadores en todas as fontes de auga potables públicas; a instalación de contadores nos edificios municipais; controlar o número de clientes non facturados; a inspección para detectar conexións ilegais; a instalación de novos depósitos para controlar as perdas de auga; a instalación de elementos de medidas de caudal en todos os depósitos; a renovación de tubaxes, así como medidas de mellora na ETAP.



Abadín acollerá un ensaio da mecanización na recollida de grelos

Abadín foi seleccionado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) como concello piloto na provincia de Lugo para probar un innovador método de recolección mecanizada de grelos, no marco dunhas xornadas que se celebrarán os días 28 e 29 de outubro.

A tenente de alcalde, Begoña Gaute, explicou que se trata dunha máquina que recolle a parte vexetal do nabo, aproveitando o resto para conservas

e permitindo unha segunda produción posterior. Esta mecanización pretende revalorizar a nabiza para conserva e ofrecer aos produtores unha actividade complementaria ao grelo tradicional.

As xornadas contarán cunha parte teórica o día 28, centrada no cultivo e nos retos do sector, e outra práctica o día 29, con demostracións en campo nunha finca de máis de 2.000 metros cadrados.

Os Bolechas presentan o sábado 15 o seu novo espectáculo

O grupo Os Bolechas presenta en Abadín o seu espectáculo *A muller orquestra*, unha proposta musical e familiar enmarcada no programa de dinamización lingüística FalaRedes, impulsado pola Xunta.

A actuación terá lugar este sábado 15 de novembro ás 12:30 horas no salón de actos da Casa do Concello de Abadín. Esta actividade está dirixida ao público infantil e ás fami-

lias, ofrecendo unha divertida posta en escena na que a música e o humor se combinan para fomentar o uso do galego dun xeito lúdico e participativo.

A muller orquestra promete aos asistentes unha mañá chea de ritmo e diversión, coa creatividade e simpatía que caracterizan aos populares personaxes creados por Pepe Carreiro.



Substitúen 46 puntos de luz do núcleo urbano

O Concello de Abadín iniciou as obras de mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública do núcleo urbano. A actuación consiste na substitución dos cabezais de iluminación en 46 puntos de luz, co obxectivo de modernizar a rede e reducir o consumo enerxético municipal.

A intervención permitirá renovar as actuais lámpadas por outras con tecnoloxía LED, que ofrecen un menor consumo eléctrico, maior rendemento e unha mellor calidade lumínica. Ademais, contribuírá á redución das emisións de CO₂, avanzando cara a un modelo de iluminación máis sostible e respectuoso co medio ambiente.

Con esta iniciativa, o Concello de Abadín dá un novo paso no seu compromiso coa eficiencia enerxética e coa mellora dos servizos públicos, impulsando un modelo de desenvolvemento local baseado na sustentabilidade e na responsabilidade ambiental.

DESBROZADORA. O Concello vén de reforzar os seus medios técnicos

coa incorporación dunha nova desbrozadora hidráulica de brazo, destinada aos traballos de mantemento e limpeza das vías municipais. A maquinaria, da marca McCONNEL e subministrada pola empresa Macvial, con sede en Lleida, supuxo un investimento total de 38.000 euros, financiado mediante unha subvención da Xunta de Galicia.

A desbrozadora, de gran potencia e precisión, permitirá actuar con maior eficacia nas tarefas de limpeza de beiravías, cunetas, taludes e zonas de difícil acceso, contribuíndo a mellorar a seguridade viaria e a conservación do medio rural. Ademais, a súa versatilidade posibilita un uso continuado durante todo o ano, adaptándose a diferentes necesidades de mantemento segundo a época.

A alcaldía destacou que esta adquisición responde ao obxectivo de modernizar progresivamente o parque de maquinaria municipal, reducindo os custos de contratación externa e optimizando os recursos propios.

O PSOE reclama información sobre a planta de biometano prevista en Quende

O PSOE expresou a súa preocupación pola posible instalación dunha planta de biometano na parroquia de Quende, un proxecto anunciado recentemente polo alcalde a través dos medios de comunicación. Os socialistas consideran que se trata dun asunto de gran relevancia, “tanto polo seu impacto potencial na saúde das persoas e dos animais como pola afectación que podería ter na calidade do aire, da auga e do medio ambiente”.

Denuncian que o goberno local volve actuar “con total falta de transparencia”, xa que aseguran non ter recibido ningún tipo de información oficial sobre o proxecto por parte do Concello. Critican tamén que a ubicación da planta se estea a decidir “con absoluto secretismo”, sen ofrecer á veciñanza a posibilidade de coñecer os detalles da iniciativa nin de participar na súa valoración.

“O máis grave é que non se nos permite opinar nin decidir sobre algo que pode cambiar o noso territorio e o noso modo de vida”, sinalan desde o grupo socialista, que reclaman que se abra un proceso de consulta cidadá para analizar os efectos da instalación.

Ademais, cualifican de “vergoñento e penoso” que o alcalde, “despois de máis de corenta anos de mandato sen promover proxectos que impulsen o desenvolvemento económico sostible de Abadín, pretenda agora traer unha planta destas características e sen ofrecer garantías nin explicacións claras”.

O PSdeG de Abadín pide responsabilidade, transparencia e información pública inmediata por parte do executivo municipal.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

COLABORACIÓN

O idioma galego é estranxeiro na nosa terra

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O noso idioma tivo os seus momentos de gloria cando o castelán antigo aínda estaba en cueiros e só se utilizaba para temas épicos, como o “Cantar de mio Cid”, pero os nosos trobadores para cantar o amor e as cousas bonitas utilizaban o galego, como ben dicía Uxío Novoneyra, e o único Rei Sabio español escribiu en galego. Despois, ao morrer o rei de Galiza, Alfonso VII, e tras a renuncia de Teresa de Portugal aos dereitos das súas fillas, as infantas Sancha e Dulce, en 1230 desapareceu este reino ao pasar a mans do rei de Castela, Fernando III “O Santo”, e foi cando empezou o seu calvario, que chega ao día de hoxe e seguirán intentando facelo desaparecer, pois saben ben que tiña razón Castela ao dicir que si aínda somos galegos é grazas ao idioma, sen embargo a Xunta de Galiza, que

ten o deber de defendelo, negou a súa oficialidade no Parlamento Europeo, como tamén o negou no Parlamento Español, onde non conseguiu o seu obxectivo; prohibe a súa utilización en varias materias escolares e nega a subvención á prensa en galego mentres agasalla con grandes cantidades de diñeiro público ós xornais que non o utilizan nin o Día das Letras Galegas, ignorándoo e depreciándoo. Primeiro Feijóo e logo Rueda converteron en papel mollado o tímido Decreto de Manuel Fraga (247/1995, do 14 de setembro), para a normalización lingüística e a súa aplicación no ensino en lingua galega no réxime xeral ensinanza. A nós fixéronnos crer que todo o noso é malo e o do colonizador é todo bo, como nos explica o escritor Albert Memmi no seu libro “Retrato do colonizado” e, debido ao autoodio do colonizado, preferimos sempre o alleo, aínda que o noso sexa moito mellor ou mais bonito. Por sorte, non hai regra sen excepción e tamén hai persoas que despois de ver outras culturas e outros idiomas, que non son mellores nin



peores, senón diferentes, votan en falta o seu e danlle o valor que lle corresponde non renunciando a el. É o caso de Xosé Fernández Vázquez que naceu na posguerra en Lobios, cando había carteis franquistas repudiando o galego. En 1963 emigrou a Barcelona, que o marcou moito, onde deixou grandes amigos aos que visita de vez en cando; alí aprendeu o catalán, espertou a súa condición de galego e converteuse nun gran lector e amante da nosa cultura. Despois, en 1971, pasou a Oviedo, sen esquecer nunca a súa querida Galiza, á que viña sempre que podía; pasou uns días no balneario de Guitiriz e gustou das actividades culturais que organizaba Xermolos, fixo amigos nesta vila e mercou un piso, no que agora pasa varias tempadas para participar

nas actividades culturais. Namorouse da Terra Cha e hoxe podemos dicir que é un chairego máis. A súa afección á lectura fixo que xuntara, a día de hoxe, cerca de 2.000 libros, a maioría en español e unha cuarta parte no seu querido idioma galego, idioma que esixe en todos os documentos e no que oficializou o seu nome. Son libros de clásicos galegos, de Curros, Rosalía, Pondal, ou Castela, pero tamén de escritores como Manuel María, Novoneyra, Suso de Toro, Manuel Rivas, Alfonso Eiré e do seu ídolo, o vilalbés Agustín Fernández Paz. En español están tamén clásicos, algúns premios Nobel de Literatura e incluso exemplares de literatura infantil e xuvenil. Afirmo que a lectura deses libros fixérono mellor persoa e cóstalle desfacerse dese “tesouro”, pero é consciente de que aquí estamos de paso e, sempre solidario, acordou doarlos ao seu concello de nacemento para achegar unha mellor calidade intelectual aos veciños e veciñas da comarca e a todas as persoas amantes da lectura que lle poidan dar unha nova vida a todos eses libros. Hoxe, despois de varias

mudanzas, temos depositados nunhas sesenta caixas na casa familiar, agardando a contestación da alcaldesa de Lobios, Mari Carmen Yañez, que lle amosou o seu interese polo asunto cando se entrevistou con ela en abril de 2024, pero que non debe ser moito, pois xa pasou ano e medio e aínda non lle contestou. Un xornal de gran tirada na provincia interesouse por esa doazón e mandou unha periodista facerlle unha entrevista ao doador, pero ao dicirlle Xosé que tiña que publicala en galego ou non publicala, a periodista comentoulle que era norma da editorial facelo en español, pero que ela ía intentalo. Aínda que lle debeu costar, o seu intento deu froito e tres meses máis tarde saíu no noso idioma un bonito artigo, ocupando unha páxina enteira. Estes medios de comunicación, a pesar do inmerecido diñeiro público que reciben da Xunta de Galicia, son contrarios a informar no idioma do noso pobo, que é o da inmensa maioría dos seus lectores, porque para Xunta de Galicia e estes grandes medios o idioma galego é estranxeiro na nosa terra.

Sobra viño

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Aí é. Ou polo menos, iso é o que lles está pasando ós nosos veciños viticultores alén do Miño. Seica existe unha merma considerable no consumo e ante un exceso de produción dos Vinhos do Douro e Porto, os cultivadores portugueses non son quen de comercializar todo o almacenado no que alí denominan pipas -barricas que teñen unha capacidade de 550 litros-. Dáse polo tanto o que en economía se coñece por exceso de

stocks. Como consecuencia, víronse na obriga de reducir considerablemente a cantidade de mosto que se transforma en viño. Engádeselle a isto o estancamento nos prezos que reciben pola súa mercancía, similares ós de hai case vinte anos; pola contra, os custes para poñer ese viño no mercado non deixaron de incrementarse. Un rosario que nos resulta familiar a nosoutros por acó, sobre todo no sector gandeiro. A xente traballa, esforzase por mellorar e trata de progresar, pero á hora da verdade, uns factores externos, totalmente alleos a quen se deixa a pel nas leiras, deciden se merecerá a pena ou non tódalas enerxías gastadas. Cómpre levar a cabo unha reflexión

que, por moi evidente que resulte, non debemos obviar. Porque todo pende dun fío, comezando polas condicións climatolóxicas, caprichosas coma elas soas e que tanto poden axudar a que todo saia de maneira excelente, como estragar o éxito previsto. Falando de gandería, tampouco existe a perfección, porque se poden dar abortos, malos partos ou -que llelo digan a algúns- ataques doutros animais que buscan a maneira de alimentarse e sobrevivir, chámese lobo, xabaril, ... Choque de intereses, a fauna salvaxe mantense a costa do beneficio de labregos e gandeiros. Outra cuestión capital está nos hábitos de consumo; certo, cambian de maneira constante e

imprevista. Un produto que era moi demandado, de forma progresiva deixa de selo e xa non se consome ó mesmo ritmo. Descende a demanda, polo que non se lle dá saída á produción habitual. Resultado, almacenamento da mercancía -ata que se poda-, descenso do prezo de venda final e menos beneficio para quen a produciu. En definitiva, que se traballou para o inglés, o único que sempre gaña, aínda que non saibamos quen é nin onde se atopa o elemento en cuestión. Volvendo cara a dura realidade na que se atopan estes colleiteiros portugueses, sobre todo os pequenos e medianos, a precaria situación derivou en reclamar medidas, as cales

tamén nos son familiares, como uns prezos xustos, prohibir vendas (ou compras) por debaixo dos custes de produción, ou controlar -neste caso- a entrada de mosto estranxeiro. Ademais, dunha intervención do Estado para que se faga cargo deses stocks. En definitiva, que sobra viño a esgalla, polo menos na ribeira do Douro. Parece, segundo estudos publicados, que os gustos mudaron á hora de consumir bebidas e semella que xa non se bebe viño como se bebía. Iso din. Agardemos e confiemos que esta sexa unha mala xeira temporal, aínda que sabemos por experiencia que de cando en vez as choras vencen ás risas.

DEPUTACIÓN

A Deputación sobe o seu orzamento ata os 135 millóns de euros, un 3,5 % máis

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no Parlamento de Galicia as liñas estratéxicas dos Orzamentos provinciais para o 2026, que crecerán ata os 135 millóns de euros. Uns presupostos “que protexen, que avanza e que serven á xente da nosa provincia” e que tal e como explicou o mandatario provincial, virán consolidar unha acción de Goberno que leva anos centrada na mobilidade, as políticas sociais, a cooperación cos concellos e o apoio aos sectores produtivos.

“Para o 2026 presentamos uns Orzamentos expansivos, que medran un 3,57% por riba do IPC, máis de 5 millóns respecto ao 2025”, detallou Tomé Roca. Informou que a Deputación, como sempre desde que el é Presidente, está ultimando os presupostos “coa previsión de levalos ao Pleno para a súa aprobación en novembro e que, desta forma, poidan entrar en vigor a principios do mes de xaneiro”.

Enmarcou a súa comparecencia no Parlamento galego “en tempo e forma” co compromiso real que ten o seu Goberno coa cidadanía, “porque así entendemos a responsabilidade pública”. E destacou que a utilidade



das contas mídese no seu grao de execución, valorando que “aí nós falamos con feitos: nos últimos anos a Deputación está a executar máis do 90% do seu orzamento, situándose entre as administracións máis eficaces do Estado. Aquí o que se aproba, cúmprese”. Nese sentido, apuntou que os Orzamentos 2026 seguen un rumbo “claro e planificado, asentado nos catro grandes piares da nosa acción de Goberno: a mellora da mobilidade, a cooperación cos concellos, o apoio aos sectores produtivos e as políticas sociais”.

Respecto da mobilidade, que cualificou como “o primeiro factor de

igualdade territorial” porque “se os núcleos non están conectados, non hai poboación que resista”, asegurou que a Deputación continuará co “mellor plan de estradas da historia da Deputación”, actuando sobre a rede provincial máis extensa de España: 4.217 quilómetros.

Nese sentido, avanzou que a institución vai consolidar e incrementar o investimento do pasado ano, que acadou os 27 millóns de euros para a mellora e conservación de estradas. Destacou que este ano a Deputación mobilizou o arranxo de máis de 100 quilómetros de estradas provinciais ao seu paso por 30 concellos. “Sen

distincións por cores políticas. Nós planificamos, actuamos e conservamos seguindo criterios técnicos” e nese sentido destacou que o 60% dos arranxos foron en concellos cun alcalde ou alcaldesa do PP.

E comprometeuse a seguir traballando para conseguir que unha parte dos fondos da Unión Europea se destinen á mellora da mobilidade por estrada. No que ten que ver coas políticas sociais, o Presidente asegurou que a Deputación manterá un terzo dos orzamentos a esta partida que conta cunha das redes de protección máis ampla e eficaz de todas as deputacións de España. Destacou nese sentido iniciativas como a teleasistencia, o servizo de axuda no fogar ou a rede de centros de atención a maiores.

Fixo fincapé en que a institución provincial ten en funcionamento 9 residencias cun modelo “público, de calidade, con emprego local e con arraigo social” e anunciou que “polo menos 2 dos 4 novos centros que estamos construíndo estarán en funcionamento entre finais de 2026 e comezos do 2027, ampliando a nosa rede e reforzando o rural”. E aproveitou o Presidente para lembrar que o modelo da Deputación é referencia a

nivel europeo.

Anunciou que o Plan Deputación de cooperación cos concellos estará dotado con 22,2 millóns de euros, subindo con respecto ao ano pasado. No que ten que ver coa cooperación cos concellos, apuntou que case todo o que fai a Deputación é cooperación cos concellos. Ser o Concello dos concellos marca o día a día da institución provincial “de maneira transversal, constante e comprometida” co obxectivo de gañar eficacia e ser útiles para a veciñanza.

O Centro de Innovación Territorial constitúe unha das grandes apostas estratéxicas dos Orzamentos 2026. O presidente expuxo que se trata dun proxecto “pioneiro”, concibido para situar o rural no epicentro das políticas de desenvolvemento. E relatou que grazas ao convenio asinado co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, mobilizaranse 850.000 euros -510.000 serán achegados polo Goberno de España e 340.000 pola Deputación- entre este ano e 2029 para poñer en marcha un instrumento “moderno, eficaz e transformador”.

Asegurou o Presidente que os sectores produtivos contarán un ano máis co compromiso da Deputación de Lugo. Puxo como exemplo o proxecto da Administración provincial na Granxa Gayoso Castro, unhas instalacións “fundamentais” para o ensino universitario do Campus Terra e a colaboración coa USC.

O Pleno destina 5,1 millóns a ampliar a rede de residencias

O Pleno aprobou a ampliación da vixencia dos convenios da rede provincial de residencias ata xuño de 2026, co obxectivo de garantir a continuidade do servizo e a estabilidade na atención ás persoas maiores da provincia. A medida, que contou cos votos a favor do PSdeG e do BNG e coa abstención do PP, supón un investimento de máis de 5,1 millóns de euros destinados a asegurar o funcionamento dos nove centros que conforman a rede provincial: Castroverde, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribadeo, Ribas de Sil, Trabada e Meira.

O deputado Pablo Rivera Capón explicou que esta segunda addenda “permite manter a estabilidade das prestacións asistenciais e planificar o gasto con previsión, sen modificar as condicións esenciais acordadas no ano 2018”. Rivera destacou que o acordo dá marxe para renovar o marco xurídico do modelo provincial de Centros de Atención a Maiores,

previsto para o vindeiro ano, sen afectar ás persoas usuarias nin aos concellos. O deputado criticou ademais a falta de compromiso da Xunta de Galicia, asegurando que “a pesar de ser a administración competente, a súa política de residencias na provincia de Lugo é inexistente, sen un só proxecto novo en marcha a pesar do sobreenvellecemento da poboación”.

O modelo asistencial da Deputación é 100% público e sen ánimo de lucro, cunha aposta pola atención personalizada e o benestar das persoas maiores. Segundo destacou a institución provincial, este sistema non busca rendibilidade económica, senón mellorar a calidade de vida dos usuarios, xerando máis de 225 empregos directos e beneficiando a máis de 300 veciños e veciñas.

MOCIÓN. Na mesma sesión, o Pleno aprobou unha proposta para instar á Xunta de Galicia a saldar a débeda de 600 millóns de euros que

mantén cos concellos por asumir competencias impropias.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, denunciou que a Xunta ten “conxelado o Fondo de Cooperación Local desde 2010” e que o reparte “con criterios partidistas”. Segundo explicou, os orzamentos autonómicos de 2026 destinan 187 millóns de euros a este fondo, o que supón “apenas 600.000 euros por concello, unha cifra ridícula se se compara cos recursos da Administración galega, que manexa un orzamento cen veces maior ao da Deputación”.

A voceira socialista, Pilar García Porto, lembrou que a cifra da débeda foi calculada pola FEGAMP e criticou que os concellos están a asumir servizos que corresponden á Xunta, como o SAF ou a gratuidade das escolas infantís municipais.

O texto aprobado reclama que os orzamentos da Xunta para 2026 incrementen o Fondo de Cooperación Local, incorporen partidas especí-



ficas para garantir a prestación de servizos no rural en igualdade co ámbito urbano e se acheguen aos 500 millóns que o propio presidente Rueda estimara como necesarios.

O Pleno tamén aprobou, por unanimidade, unha moción socialista para esixir que a Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo manteña o seu carácter de centro autonómico no caso de integrarse na Universidade de Santiago de Compostela (USC). O presidente Tomé defendeu que “a Escola non pode ser unha sucursal doutra facultade; ten entidade e capacidade abonda para manter a súa independencia”. Pola súa banda, García Porto salientou que o campus de Lugo “é un piar de desenvolvemento e unha ferramenta de futuro que debe medrar con sentido, non minguar de xeito irreflexivo”.

Desde o PP aseguraron que “sempre defenderán a identidade de Enfermaría en Lugo” e afirmaron que “a integración no sistema universitario está consensuada”, criticando que “quen poñen en dúbida a súa continuidade son o PSOE e o BNG”.

Pola súa parte, o deputado provincial do BNG, Daniel García, reclamou á Xunta “respostas claras e inmediatas” ante a falta de información ás explotacións sobre a xestión da dermatose nodular, despois das medidas cautelares decretadas pola Consellería do Medio Rural sobre o movemento de animais.

TERRA CHÁ



Novalux celebra 25 anos de traxectoria con clientes, familia e amigos

A Óptica e Centro Auditivo Novalux, con sedes en Vilalba e As Pontes, celebrou o seu 25 aniversario cunha emotiva festa nas súas instalacións, á que acudiron clientes, familiares e amigos que quixeron acompañar o equipo neste momento tan especial. Durante a celebración, as traballadoras compartiron con todas as persoas asistentes a alegría por cumprir un cuarto de século de actividade, consolidándose como un referente no sector da saúde visual e auditiva. No acto tamén estivo presente Concepción Cortizas, fundadora e impul-

sora do negocio, cuxo labor e dedicación foron lembrados con especial cariño. “Seguímos o seu legado”, explicou Ana, unha das responsables actuais de Novalux, que destacou o crecemento constante que experimentou a empresa desde os seus comezos ata a actualidade. Desde a dirección de Novalux puxeron en valor a evolución positiva do proxecto ao longo destes 25 anos, grazas á confianza dos seus clientes e ao compromiso dun equipo que, día a día, traballa para ofrecer un servizo próximo e de calidade.

Cospeito, Begonte e Outeiro de Rei revalidan a bandeira verde

Un total de 33 municipios galegos, un 40% máis que o ano pasado, conseguiron as Bandeiras Verdes de Galicia 2025, un selo da Xunta que distingue o esforzo local pola paisaxe, a eficiencia enerxética, a educación ambiental e a xestión responsable dos recursos. Na provincia lucense

foron para Begonte, Cervo, Cospeito, Outeiro de Rei, Ribadeo e Sober. Galicia foi a primeira comunidade autónoma en contar cun selo propio que distingue o esforzo local pola paisaxe, a eficiencia enerxética, a educación ambiental e a xestión responsable dos recursos.

Recibe a autorización da Xunta o parque eólico de Abadín e A Pastoriza

A Xunta de Galicia concedeu a autorización administrativa de construción para o parque eólico “Penas Pardas”, promovido pola empresa Norvento e situado nos municipios lucenses de Abadín e A Pastoriza. Segundo publica este xoves o Diario Oficial de Galicia (DOG), o proxecto contará cunha potencia evacuable de 26 megavatios (MW) e unha potencia instalada

total de 29 MW. O parque prevé xerar unha produción neta anual de 104.844 megavatios hora (MWh), o que equivale a 3.615 horas de funcionamento a plena capacidade. O investimento destinado á súa execución material supera os 18,4 millóns de euros, consolidando esta actuación como unha das principais iniciativas de enerxía renovable na comarca lucense.

O GDR reparte as axudas Leader 2025 e avanza unha gran convocatoria no 2026

A xunta directiva do GDR Terra Chá aprobou a concesión de preto de 600.000 euros en subvencións destinadas a apoiar proxectos produtivos e non produtivos de iniciativa privada, correspondentes á convocatoria Leader 2025-2026. Estas achegas súmanse ás xa validadas para os concellos, nunha nova inxección económica que busca dinamizar o tecido empresarial e social da Terra Chá.

Segundo explicou o presidente do grupo, José Antonio López Sierra, “trátase dunha convocatoria que reflicte o compromiso do GDR co desenvolvemento sostible do territorio, apostando polo emprendemento, a innovación e o mantemento do emprego no rural”. López Sierra avanzou ademais que para o 2026 está prevista unha convocatoria de axudas aínda maior, preto do millón de euros, polo que animou a pequenas empresas, autónomos, cooperativas, sociedades e asociacións sen ánimo de lucro “a presentar os seus proxectos e aproveitar esta oportunidade para facer medrar a Terra Chá”. A parte máis importante das subvencións, que supera os 400.000 euros de axuda, destinarase a 13 iniciativas privadas —de 17 presentadas, xa que tres desistiron e unha obtivo ditame desfavorable— cun investimento global que ascende a 886.435 euros.

Entre os proxectos aprobados destacan cinco en Vilalba, catro en Cospeito e un en Begonte, Muras, Abadín



e Pastoriza. As propostas de maior contía económica corresponden á creación dunha pensión en Muras e dun centro deportivo para competición ecuestre en Begonte, iniciativas que, segundo o presidente, “reforzan a oferta turística e deportiva da comarca e xeran novas oportunidades de emprego”.

Outros proxectos aprobados inclúen a posta en marcha dun obradoiro de marmelada de arandos en Cospeito, melloras de eficiencia enerxética nunha gandería e nunha empresa, así como axudas para a compra de maquinaria destinada ao tratamento de biomasa, ao envasado de queixo ao baleiro, á impresión téxtil e a distintos talleres de automoción. En canto aos proxectos de iniciativa privada sen ánimo de lucro, o GDR apoiará tres actuacións cun total de 29.806 euros —para unha inversión global superior a 66.000 euros—: a creación dunha ruta da colonización,

a instalación dun ascensor nun centro de atención a persoas maiores e a adecuación dun espazo para un centro de interpretación da imaxe e da paisaxe da Terra Chá.

Ademais, con cargo aos fondos Leader, catro concellos recibirán 149.000 euros para financiar proxectos municipais sen ánimo de lucro, cun investimento que supera os 200.000 euros. Entre eles, Begonte ampliará o local social de Illán; Abadín adaptará un edificio para uso público e deportivo; Castro de Rei mellorará a accesibilidade do centro de saúde; e Riotorto reformará unha vivenda destinala a alugueiro social. López Sierra destacou que, unha vez ratificada a proposta de axuda, “os proxectos executaranse ao longo do ano 2026. Queremos seguir acompañando á xente que aposta polo rural, porque cada proxecto aprobado é unha semente de futuro para a Terra Chá”, concluíu.

EDP aposta polo emprendemento local co inicio do programa Entama

EDP abriu unha nova fase da sexta edición de Entama, o seu programa de apoio ao emprendemento local e a dinamización de comunidades rurais, que por primeira vez desenvólvese de forma conxunta en España e Portugal. Nesta edición, Lugo adquire un papel destacado, coa inclusión dunha serie de municipios prioritarios que poderán presentar os seus proxectos para optar ás axudas que ofrece o programa.

En concreto, en Lugo, a convocatoria dirixíase con especial atención aos municipios de Barreiros, Viveiro e Vilalba, aínda que tamén se aceptarán candidaturas desde outros municipios dentro da zona de distribución de EDP en Lugo, onde

opera a través da súa filial Begasa. As axudas poden alcanzar ata 20.000 euros por iniciativa, e destínanse a proxectos innovadores, sostíbles e con impacto positivo na súa contorna.

Como en anteriores edicións, Entama prioriza os proxectos liderados por mulleres e aqueles que fomenten a empregabilidade feminina, ademais das propostas que impulsen o aproveitamento de recursos locais e produtos artesanais, o fomento do turismo sostible, a dixitalización e a innovación en municipios en risco de despoboamento. O prazo de presentación de candidaturas prolongarase ata o próximo 25 de novembro. O xurado, que analizará as propostas durante

o mes de decembro, primará a súa viabilidade, sustentabilidade e impacto no territorio e dará a coñecer os resultados entre decembro de 2025 ou xaneiro de 2026.

As bases e condicións de participación están dispoñíbles na web de Entama, onde tamén se detallan os prazos e criterios de selección. O proceso de avaliación valorará a viabilidade, sustentabilidade e capacidade de xeración de emprego de cada iniciativa.

En Lugo, a través da súa distribuidora Begasa, EDP xestiona 171.793 puntos de subministración, 10.339 quilómetros de liñas de distribución e transporte, 3.205 centros de transformación, 22 subestacións e 1.039 GWh de enerxía distribuída.

“Queremos a media veda da codorniz e habilitar unha sala de viscerado mellor”

Adrián Rodríguez Morán é o novo presidente do Tecor Terra Chá, o máis grande de Galicia

Rematado o proceso electoral no Societario de Cazadores Terra Chá, a candidatura encabezada por Adrián Rodríguez Morán foi proclamada oficialmente este verán como nova xunta directiva da entidade, tras non presentarse ningunha impugnación no prazo establecido. O novo equipo, de carácter continuísta, manterá a maior parte dos membros anteriores, con ata seis persoas que repiten responsabilidades. Adrián Rodríguez Morán, que exercía como vogal responsable de socios, toma agora o relevo como presidente de Jaime González Penelas, quen pasa a ocupar o cargo de vicesecretario. A directiva contará tamén coa incorporación de José Antonio Villaverde Bello, Alma, como delegado de cetrería e responsable da xestión das soltas e da zona específica para esta práctica.

A nova xunta xa traballa nos obxectivos marcados para o novo período de catro anos, co propósito de reforzar a actividade cinexética, a xestión sostible do territorio e a continuidade das iniciativas que fixeron do Tecor un referente en Galicia.

Fálenos da presenza do Tecor na comarca. Que extensión e concellos abrangue?

O Tecor Terra Chá cobre unhas 46.000 hectáreas e esténdese polos concellos de Cospoito, Castro de Rei, A Pastoriza e a parroquia de Xoibán en Vilalba. É o terceiro Tecor máis grande de Galicia en extensión e

conta con excelentes zonas de caza menor, o que o converte nun coto excepcional para esta modalidade.

Cantos socios teñen actualmente?

Na actualidade somos 850 socios numerarios e 50 protectores. Cada ano perdemos entre vinte e trinta socios, porque é difícil atraer xente nova á caza. Temos unha media de idade alta e, aínda que facemos moitas probas ao longo do ano para animar á mocidade, non é doado. Aínda así, estamos satisfeitos co número actual.

Como foi o proceso que o levou á presidencia?

Sinceramente, non tiña pensado seguir na directiva nin ser presidente, pero foron moitos os socios que me chamaron pedíndome que continuase, e finalmente convencéronme. Presenteime cunha liña continuísta, porque creo que se fixeron cousas moi boas e era importante non interromper ese traballo. Iso si, puxen unha condición: que Jaime, o anterior presidente, seguise comigo, porque sen el o Tecor non estaría onde está.

En que momento se fundou o Tecor e como evolucionou nestes anos?

O Tecor Terra Chá fundouse en 2004, con arredor de 1.200 socios. Hoxe somos menos, pero melloramos moito. Por exemplo, este ano soltamos 10.000 perdices, e queremos manter esa cifra nos vindeiros dous anos. Non hai moitos tecores con



esa capacidade. Ademais, temos socios de toda Galicia e unha aplicación propia con mapas, refuxios e límites, que facilita moito a caza ordenada.

Que funcións e actividades realizan durante o ano?

Organizamos distintas probas de caza durante o ano, como o Campionato Galego de Cetrería ou o Provincial de Caza Menor, ademais de colaborar coa Federación Galega de Caza

sempre que se solicita.

Cal é o principal obxectivo a longo prazo da nova directiva?

Queremos conseguir a media veda para a caza da codorniz, unha modalidade que esperta moito interese en Galicia, e tamén habilitar unha sala de viscerado en boas condicións hixiénicas e de traballo. Estamos estudando opcións e confiamos en lo-gralo co apoio das institucións.

Contan logo co respaldo das administracións?

Si, e estamos moi agradecidos tanto aos concellos do Tecor como á Deputación de Lugo e á Xunta de Galicia. Sempre que solicitamos colaboración, facilitáronnola.

Que beneficios ten a práctica da caza, máis alá do deportivo?

A caza é saudable: faise exercicio, desconéctase da rutina e foméntase a convivencia. Tamén xera actividade económica para restaurantes, armearías, combustible, por exemplo, e, o máis importante, axuda ao sector gandeiro, controlando especies ou pragas como o xabaril ou o raposo. O beneficio social e ambiental é moi importante.

Que lles diría aos detractores da caza?

Que non se pode xulgar un colectivo enteiro por uns poucos casos illados. Na caza, a inmensa maioría da xente cumpre e respecta as normas. É un mundo con moita paixón polo campo e polo equilibrio da natureza.

DIRECTIVA

- Presidente: Adrián Rodríguez Morán
- Vicepresidente 1º: Juan Antonio Pena Pillado
- Vicepresidente 2º: Adrián Cendán Rodríguez
- Secretaria: Mayra Rojo Regueira
- Vicesecretario: Jaime González Penelas
- Tesoureiro: Luis Vázquez Sande
- Vogais: Jesús Paz Penelas, Francisco Javier Veiga Paredes e Juan José Fernández Rodríguez

Suspenden feiras e mercados de gando pola dermatose nodular

A Consellería do Medio Rural decidiu reforzar o dispositivo de prevención fronte á dermatose nodular contaxiosa (DNC) e suspender a partir do luns 27 de outubro todas as feiras, certames, poxas, mercados e concentracións de gando en Galicia. O obxectivo é evitar a posible entrada e propagación desta enfermidade vírica que afecta ao gando bovino. A resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e terá unha vixencia inicial de 21 días, aínda que poderá ser prorrogada segundo evolucione a situación epidemiolóxica.

Entre as medidas incluídas tamén figura a prohibición de entrada en Galicia de animais procedentes de explotacións situadas en zonas restrinxidas pola DNC. Con todo, permitirase o acceso de bovinos destinados directamente ao sacrificio, sempre que sexan trasladados de

forma inmediata aos matadoiros. A Consellería mantén ademais o período de vixilancia veterinaria oficial de 21 días para todos os bovinos procedentes doutras comunidades ou do estranxeiro con destino a vida. Durante ese tempo, tanto os animais incorporados como o resto da cabana das explotacións receptoras permanecerán inmovilizados de maneira cautelar. A desinsectación dos animais e dos vehículos de transporte será obrigatoria en todos os casos, e os Servizos Veterinarios Oficiais realizarán labores de control, inspección e comprobación do cumprimento das normas de limpeza e desinsectación.

A pesar do reforzo destas medidas, Medio Rural trasladou unha mensaxe de tranquilidade ao sector gandeiro, lembrando que non se rexistrou ningún caso desta enfermidade en Galicia e que a DNC non

se transmite ás persoas, nin por contacto directo cos animais infectados nin polo consumo dos seus produtos. O luns celebrarase unha reunión con representantes do sector para analizar a situación e resolver posibles dúbidas.

A dermatose nodular contaxiosa é unha enfermidade vírica de alta capacidade de difusión que pode causar importantes perdas nas explotacións e no conxunto do sector bovino.

A súa expansión recente en países da Unión Europea próximos e, especialmente, os focos detectados desde comezos de outubro en Cataluña, elevan o risco de aparición en Galicia. Por iso, a Consellería considera necesario aplicar medidas cautelares para protexer a cabana bovina galega, tras varios meses de campañas informativas e recomendacións de bioseguridade dirixidas ao sector.

A Deputación destinará medio millón de euros a vías da comarca

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investimentos por un millón de euros para mellorar infraestruturas e servizos en 5 concellos da provincia. Así o informou a Voceira socialista, Pilar García Porto, tras a reunión semanal celebrada no Pazo de San Marcos. “Un orzamento co que sacaremos adiante, por unha banda, a mellora de dúas estradas provinciais ao seu paso por Lugo, Outeiro de Rei e Castro de Rei; e a subministración de equipos, dotacións, infraestruturas e servizos básicos nos concellos de Cervantes e Barreiros”.

Nese sentido, informou que a Xunta de Goberno aprobou mobilizar preto de medio millón de euros máis a dous novos proxectos que

se enmarcan no Plan de Estradas. Entre Castro de Rei e Outeiro de Rei acondicionaremos tamén preto de 9 quilómetros da LU-P-1107, a vía provincial que vai de Castro a Rábade. “Trátase doutra vía de gran importancia para a nosa provincia, porque dá acceso a servizos tan importantes como a Casa das Insuas”, valorou a Deputada. Neste caso os traballos contarán cun investimento de 182.198,07€ e afectarán ao treito comprendido entre Castro, á altura da parroquia de San Xiao de Mos —punto quilométrico 4,3— e a Fonte da Pinguela, ás portas do concello de Rábade, no quilómetro 13,22. As obras consistirán tamén na reapertura de cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e sinalización horizontal.

DEPORTES



Juan Gude e Nía Franco gañan a primeira carreira popular de Cospeito

Juan Gude e Nía Franco proclamáronse vencedores absolutos da cuarta edición da carreira popular Concello de Cospeito, celebrada este domingo sobre un percorrido de dez quilómetros destinado ás categorías sénior e sub-23. Na proba masculina, Gude cruzou a meta en primeira posición cun tempo de 32.48 minutos. José Francisco Rocha chegou segundo, con 33.38, e Cristian Montecelo completou o podio cun rexistro de 34.06. Na categoría feminina, Nía Franco impúxose cun tempo de 42.07 minutos, seguida de María Álvarez, que rematou en 43.16, e Fina Blanco, terceira con 43.33. Entre os máster, Marcos Codesal foi o máis rápido da categoría A masculina, cun tempo de 36.02 minutos, seguido de Álex González (36.29) e Diego Yáñez (36.46). En máster A feminina, María Álvarez levou a vitoria con 46.16 minutos, por diante de Laura Rábade (47.22). En máster B masculino, o primeiro posto foi para Manuel Pérez, con 33.35 minutos, seguido de Daniel

Martínez (36.02) e Miguel Anxo Nogueira (38.09). Na categoría máster C, Óscar Murado foi o segundo clasificado con 35.22 e Luis López terceiro con 36.22. En máster C feminina, Fina Blanco repetiu triunfo cun tempo de 43.33 minutos, acompañada no podio por Eva Babiano (45.05) e María Ares (49.53). Nas categorías de base tamén houbo protagonismo. Entre os sub-16 masculinos venceu Hugo Ferro cun tempo de 3.49 minutos, seguido de Brais Martínez, co mesmo rexistro, e Bruno Pintos, terceiro con 4.07. Na proba feminina sub-16 impúxose Alba Filgueira (4.09), por diante de Amelia Carrillo (4.11) e Noa Villota (4.17). Na categoría sub-10, a vitoria foi para María Portas, que completou o percorrido en 2.56 minutos, mentres Samuel Prado foi segundo (3.03) e Fernando Piñeiro terceiro (3.04). A cita reuniu a numerosos atletas e afeccionados nun ambiente festivo e competitivo.

Senra coróase no Galego cun gran triunfo no Rally San Froilán

O piloto de Hyundai, Víctor Senra, asinou en Lugo unha vitoria brillante no Rally San Froilán, coa que se proclamou campión galego de rallys 2025. O coruñés dominou a proba de principio a fin, gañando seis dos oito tramos cronometrados e demostrando unha autoridade incuestionable ao volante. A retirada de Alberto Meira (Skoda) no primeiro tramo deixáballo o título practicamente asegurado, xa que lle bastaba con finalizar terceiro. Con todo, Senra non se conformou e decidiu ir a por todas, marcando o mellor tempo desde os primeiros quilómetros e ampliando as diferenzas tramo a tramo. No primeiro paso por Outeiro de Rei, xa avantaxaba en máis de 22 segundos a Iván Ares (Toyota) e en 32 segundos ao lucense Luis Vilariño (Skoda). Na primeira pasada por O Corgo, a distancia co segundo clasificado superaba xa os 29 segundos, mentres que Alberto Otero (Ford) se situaba en terceira posición, a máis dun minuto. Senra, Ares e Vilariño mantiveron



un trepidante pulso nas seguintes especiais, pero o piloto de Hyundai ampliou a súa vantaxe ata superar os 50 segundos ao final do tramo de O Páramo-Goñán. A súa superioridade fixo evidente que só un erro podía apartalo do triunfo. Consciente diso, Senra optou por unha estratexia máis conservadora nos dous últimos treitos, sen asumir riscos innecesarios. Ares foi o máis rápido no penúltimo, pero o resultado final xa estaba decidido. Con 59,5 segundos de vantaxe, Víc-

tor Senra cruzou a meta como gañador do Rally San Froilán e novo campión galego de rallys. Na clasificación final, Senra e Murado remataron con un tempo total de 54:57.075, seguidos de Ares-Martínez a 28.968 segundos e Otero-Vázquez a máis de tres minutos. O top cinco completárono Vilariño-Míguez e Díaz-Fernández. Un éxito que consolida a Senra como o gran referente do automobilismo galego e que pecha a tempada con broche de ouro na capital lucense.

Arranca a Liga de Billarda cunha gran participación

A Liga Nacional de Billarda da Conferencia Norleste iniciou a súa nova tempada en Cervo cun arranque cheo de ganas e ambiente competitivo, logo de ter que anular as dúas xornadas anteriores por causas meteorolóxicas. Nesta ocasión, o tempo amosouse cómplice e permitiu celebrar sen contratempos unha cita moi agardada polos afeccionados. A competición contou cunha ampla participación: 72 palanadores e palanadoras (50 homes, 16 mulleres e 6 nenos) que amosaron a súa destreza e entusiasmo ao longo da xornada. A organización destacou o bo ambiente e o espírito deportivo que reinou en todo momento, a pesar de que a inactividade previa se notou nas puntuacións, que foron xeralmente máis baixas do habitual. Só os tres primeiros clasificados superaron a barreira dos vinte puntos. O novo sistema de xogo, que limita a seis o número máximo de golpes por xogada, foi ben recibido polos participantes e non xerou complicacións. Marcos, do equipo Troitas

Bravas, protagonizou o primeiro varado da tempada cun golpe espectacular que puxo en pé ao público, aínda que non se repetiron máis accións dese nivel. O triunfo absoluto foi para Markytos, dos Billardeiros Musicais, que se levou a tradicional “navalla” cun total de 24 puntos. O segundo e terceiro posto foron para Seixas, de Billarda Verde, e Gundar, de Madia Leva, ambos con 20 puntos. Na feminina, o equipo Castiñeiro Milenario impúxose con Cris no máis alto e Vanesa en terceira posición, mentres que Alba, de Troitas Bravas, conseguiu o segundo posto. En infantís, o protagonismo foi para o anfitrión, que copou o podio con Roi, Mateo e Martín. Por equipos, os Billardeiros Musicais comezan a tempada con forza, superando a Troitas Bravas e Madia Leva e situándose como primeiros líderes da clasificación xeral. Tras a entrega de agasallos, a organización anunciou que a seguinte xornada disputarase o 9 de novembro en Penas de Rodas.

Catro medallas e un cuarto posto para o club de loita de Vilalba en Madrid

O club Loita Olímpica Vilalba participou no Torneo Villa de Madrid, unha das citas máis destacadas do calendario estatal, que reuniu a máis de 400 loitadores de diferentes categorías. Ata a capital española desprazouse unha delegación composta por cinco deportistas do NADE Vilalbés, que competiron formando parte da selección galega. Na categoría U15, Jimena García logrou a medalla de prata, mentres que Héctor Somoza e Enrique Seoane completaron unha excelente actuación conseguindo dúas medallas de bronce. Na categoría U13, Sara Martínez tamén subiu ao podio cun bronce, e Alejandra Valle rozou a medalla ao quedar en cuarta posición. O equipo contou coa dirección técnica de Catriel Pehuén, que acompañou aos deportistas a Madrid co combinado galego. Desde o club destacan o gran nivel amosado polos participantes e o orgullo de representar a Vilalba nun torneo de referencia nacional, no que a loita galega volveu demostrar a súa excelente progresión.

REUNIÓN DE VETERANOS DO FÚTBOL



Celebrouse en Moncelos a primeira Xuntanza de Vellas Glorias do Fútbol de Abadín, un evento que reuniu antigas figuras do fútbol local pertencentes a equipos históricos como A Graña, Pegaso, Montouto, Romariz, Spórting Z4 e o Abadín Club de Fútbol. O encontro rematou cun xantar.

O Club de Tenis As Pontes: dúas décadas facendo medrar o deporte da raqueta na comarca

O tenis leva máis de dúas décadas soando con forza nas Pontes grazas ao traballo do Club de Tenis As Pontes, unha entidade que, dende a súa creación en 1999, se converteu nun referente deportivo e formativo para nenos e adultos da comarca. O seu presidente, Paulino Fernández Seoane, repasa con nós a traxectoria, o presente e os retos dun club que vive por e para o tenis.

“O club xorde para dar continuidade aos alumnos da escola municipal de tenis”, explica Fernández. “Queríamos que tivesen a oportunidade de participar en torneos federados e en competicións por equipos. Esa foi a nosa razón de ser e segue sendo o noso obxectivo principal”.

A historia recente do club é a dun colectivo activo, implicado e con vontade de dinamizar o deporte local. Ao longo do ano, o Club de Tenis As Pontes xestiona a escola municipal de tenis, organiza o Circuito entre Escolas de Touchtennis-Tenis, unha liga conxunta co Club Tenis Vilalbes, e promove cursos de iniciación e perfeccionamento nos meses de xullo e agosto. Ademais, compite con equipos de base, como o infantil que participa no campionato galego por equipos.

Durante máis de dúas décadas, o club organizou o tradicional Torneo de Tenis Festas do Carme, pero este 2024 decidiu pechar ese ciclo e

abrir outro novo: o I Torneo de Tenis Concello das Pontes, celebrado en setembro, que contou con 48 participantes e un excelente nivel deportivo.

“Foi unha aposta arriscada pero moi satisfactoria”, comenta o presidente. “Queremos que este torneo se

consolide como unha cita anual de referencia”.

O Club de Tenis As Pontes conta cun número reducido de socios, con idades que van desde os 8 anos ata adultos veteranos. “Non temos moita masa social porque dependemos das instalacións municipais”, explica Paulino Fernández. “Ao non dispoñer de pistas propias, non podemos ofrecer vantaxes directas por facerse socio. Somos un club baseado en organizar actividades e en fomentar a práctica”.

Os adestramentos realízanse no pavillón do colexio Castro da Uz durante o inverno e, coa chegada da primavera, trasládanse ás pistas de tenis do Canal IV, onde tamén se disputan os torneos.

CARA AO FUTURO

Entre os proxectos de futuro, o club prevé integrar o Pickleball na súa programación, un deporte emergente que será modalidade escolar. Pero o gran obxectivo a longo prazo é “incrementar a práctica do tenis no concello e na comarca, e poder dispoñer de varios equipos en distintas categorías”, sinala Fernández. O presidente tamén destaca unha necesidade clave: “O fundamental é dispoñer dunha pista cuberta para poder adestrar e competir durante todo o ano”.

RESULTADOS

- Campión Absoluto: Darío Vila (Club tenis D10 Lugo)
- Subcampión Absoluto: Ramón Talín (Club Tenis As Termas)
- Campión Infantil: Teo Fernández (Club Tenis As Pontes)
- Subcampión Infantil: Darío Rodríguez (Club Tenis Grupo Bazán)
- Campioa Infantil: Ariadna García (Escuela Tenis Justo Al revés)
- Subcampioa Infantil: Nabia Carreira (Club Tenis As Termas)
- Campioa Alevín: Irene Santamaría (Escuela de tenis Justo Al revés)
- Campión Alevín: Álvaro Vinicius (Escuela Tenis Marinada)
- Subcampión Alevín: Lucas Fernández (Club Tenis As Pontes)
- Campión +45: Alexandre González (Club Tenis Vilalbés)
- Subcampión + 45: Saúl Vérez (Club Tenis CD Lugo)



NOVA ETAPA

A nivel institucional, o club recibe unha pequena subvención do Concello das Pontes e axudas puntuais da Deputación da Coruña para a organización dalgúns eventos.

“O tenis ofrece innumerables beneficios”, asegura Fernández Seoane. “Mellora a forza, a resistencia, a coordinación e a concentración. Reduce o estrés e fomenta o espírito deportivo e as relacións sociais. É un deporte que forma persoas, non só deportistas”.

Entre os logros que máis orgullo lles producen, o presidente lembra con emoción cando o club se proclamou campión galego infantil por equipos de 2ª categoría hai xa catorce anos, con xogadores saídos da escola municipal. “Tamén nos enchen de orgullo os comentarios positivos que recibimos dos participantes nas nosas competicións”, engade.

O I Torneo de Tenis Concello das Pontes pechou a tempada cun éxito rotundo. “Foi unha experiencia moi boa, e xa pensamos na segunda edición”, afirma o presidente. O torneo contou con campións como Darío Vila (Club Tenis D10 Lugo) na categoría absoluta e Teo Fernández (Club Tenis As Pontes) en infantil, entre outros destacados xogadores.

O Club de Tenis As Pontes continúa así escribindo a súa historia con esforzo, paixón e compromiso, facendo do tenis un punto de encontro para o deporte, a amizade e o crecemento persoal. “O importante é manter viva a ilusión”, conclúe Paulino Fernández Seoane, convencido de que o mellor aínda está por vir.

Os atletas Pablo Ulla e Zelinda Spencer gañaron a proba Nocturna

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, xunto coas concelleiras Paula Vigo e Mónica González, participou na entrega de premios da VII Nocturna San Ramón, unha cita deportiva que reuniu arredor de 200 participantes nas rúas da vila, repartidos en cinco categorías diferentes.

O evento, xa consolidado no calendario deportivo local, destacou polo ambiente festivo e pola alta participación tanto de atletas profesionais como de afeccionados.

Desde o Concello expresouse o seu agradecemento ao Triatlón Vilalba e ao Clube Atletismo Vilalba pola excelente organización da proba, así como a todos e todas as participantes polo seu esforzo e entusiasmo.

Na categoría sénior masculina, o primeiro posto foi para Pablo Ulla



Couñago, cun tempo de 15 minutos e 22 segundos, seguido por Juan Gude Vila, con 15 minutos e 25 segundos, e Nicolás Arrojo Fernández, con 15 minutos e 36 segundos. Na categoría sénior feminina, a gañadora foi Zelinda

Spencer, cun rexistro de 18 minutos e 28 segundos, mentres que Uxía Fernández Díaz e Iria Fernández Díaz completaron o podio con tempos de 20 minutos e 28 segundos e 20 minutos e 35 segundos, respectivamente.

A oitava edición Trail das Bestas de Muras terá lugar o 9 de novembro

Muras acollerá o vindeiro 9 de novembro a oitava edición do Trail das Bestas, unha cita de referencia no calendario galego de carreiras por montaña e integrada no circuito Galicia Trail Running Series.

A proba ofrece catro distintas modalidades de participación: Maratón, de 43 quilómetros e 2.080 metros de desnivel, o Trail Classic, de 27 quilómetros con 1.260 de desnivel, Trail Curto, de 12 quilómetros e 570 de desnivel, e a Andaina, tamén de 12 quilómetros de 570 de desnivel.

Os percorridos comezan na área recreativa da Veiga e desenvólvense na contorna de Muras, aproveitando as paisaxes que ofrece a Serra do Xistral e a ribeira do Eume, un dos grandes alicientes da pro-

ba, xunto ao nivel de esixencia deportiva.

Manuel Requeijo valorou “a traxectoria da proba, que foi evolucionando ao longo dos últimos anos ata converterse nun referente para os mellores deportistas da modalidade e un dos mellores escaparates posibles para o patrimonio natural de Muras, que tratamos de poñer en valor con todas as actividades deportivas, culturais ou lúdicas que promovemos desde o concello”.

Efrén Castro destacou tamén “as posibilidades que ofrece a contorna para acoller este tipo de probas e para proxectarse como de turismo deportivo”.

A proba conta xa con máis de 200 persoas inscritas.

DE RUTA EN RUTA

Monterroso: Ruta do Románico na natureza

Percorrido circular que comeza na igrexa de San Miguel de Esporiz e pasa por varias xoias arquitectónicas do pasado

Esta ruta que percorre o termo municipal de Monterroso dá comezo na igrexa de San Miguel de Esporiz, unha igrexa que pertence á segunda metade do século XII e é de estilo románico aínda que foi reformada no século XVI. Conta cunha nave rectangular e unha ábsida cadrada. A porta principal, un dos elementos máis elaborados da igrexa, é de medio punto con arquivoltas interiores e decoración de arcos e bandas no exterior. Tamén conta con dúas ordes de columnas e fustes estriados e os capiteis están decorados con formas zoomorfas e vexetais. Dende a igrexa hai que tomar dirección nordés e saíndo de Esporiz xirar á esquerda dirección a Cariza, onde comeza o ascenso. En Cariza atópase unha fonte entre carballos e un lavadoiro que dan mostra da riqueza do patrimonio etnográfico da zona. A continuación encóntrase a Pena da Chousa Nova, no monte da Cariza e seguidamente hai que baixar a costa da Fontela ata chegar á estrada LU-221 que hai que cruzar para chegar a Bidouredo. Cara o

final da vila haberá que xirar á dereita para ascender ata a igrexa de Bidouredo, unha igrexa románica construída na segunda metade do século XII. Cunha nave e ábsida rectangular, a portada occidental é a parte máis interesante do conxunto. Conta con casetóns na arquivolta de medio punto, dúas ordes de columnas con capiteis decorados e un tímpano alintelado sobre mochetas. Seguindo o camiño atópase novamente a estrada LU-221 onde haberá que xirar á esquerda e avanzar 170 metros ata chegar ao desvío da Moreira á dereita para continuar cara ó norte polo monte da Rega cunha gran beleza natural. Despois de tres quilómetros está San Lourenzo cun templo románico que é o máis antigo do municipio, que data de 1127. Ten unha nave en cruz latina e conta cunha ábsida rectangular e sacristía pegada. Os retablos que se conservan nas capelas laterais son de estilo neoclásico. Pola parte traseira da capela e xirando á esquerda continúaase di-

rección leste uns 765 metros ata chegar a igrexa de Santa María de Pedraza. Esta igrexa conta con restos da estrutura románica aínda que foi reedificada no século XIX. Cunha planta en cruz latina conta cunha portada alintelada e varios canzorros pertencentes a obra románica. No seu interior destacan dous retablos laterais de estilo neoclásico.

A ruta continúa por un sendeiro situado detrás da igrexa no que hai que coller á man dereita ata chegar a un cruce onde se volve coller á dereita. Neste tramo de tres quilómetros pódese desfrutar dunha gran paisaxe natural con bidueiros, carballos e algún regato ata chegar a Podente. Unha vez pasado Podente é necesario coller o primeiro desvío a man dereita para chegar novamente a Esporiz. O Pazo de Podente, que non queda na mesma ruta, pódese desfrutar cun pequeno desvío de 500 metros. É un edificio de construción barroca con planta en L edificado en granito. O pazo conserva íntegra a cociña.



DATOS



2 h 30 min.



12 km.



Dificultade media



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas

PREPARATE HOY ! TRABAJA SEGURO, PRÓTEGETE, CERTIFICATE

ACADEMIA grupo FORMAT
Rúa do Acivro 59 Vilalba - Lugo
982513605 info@grupoforma-t.es

CENTRO DE ENTRENAMIENTO DE MOTOSERRISTAS CENTRO DE CAPACITACIÓN A MOTOSERRISTAS

CURSOS DE USO SEGURO DE MOTOSIERRA

Aprenda de forma PRÁCTICA Y PROFESIONAL el manejo correcto de la motosierra con instructores especializados

ence
ENERGÍA & CELULOSA

